

Cinco colectivos
rexeitan o local que
lles ofrece o Concello
de Ponteareas

Páxinas 7

Alba Lishi e Albino
Estévez bronce na
Copa de Europa de
patinaxe

Páxina 10

Feira de Outono en
As Neves

Páxina 11

3ª Festa do Viño
Espumoso en Salvaterra

Páxina 13

O Concello de O
Porriño instala 11
caldeiras de pellets

Páxina 20

Ponteareas negocia coa Seguridade Social a adquisición do edificio da Praza Maior




Páxina 5

Tomiño reforma o salón de
plenos para facelo accesible

Páxina 23

A Biblioteca da Guarda, premiada
co galardón María Moliner

Páxina 26



OPINIÓ

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema

Trump e o medo ao cambio

H. Clinton acadou máis votos ca D. Trump (47,7% vs 47,5%) e éste non gañou en cidade ningunha de máis dun millón de votos. Mais o trunfo urbano da Clinton en todos os estados prósperos non lle deu a maioría do Colexio electoral, elixido en 48 dos 50 Estados ao abeiro de sistemas maioritarios nos que o que gaña por un voto leva os delegados todos do Estado. Un auténtico sistema de contrapeso dos Estados pequenos fronte aos Estados grandes, porque nos sistemas federais e plurais non só votan as persoas, senón tamén os territorios.

É certo que foron os brancos, sobre todo os homes brancos, os que lle deron o trunfo a Trump. Mais non só os pobres, senón moitos brancos de ingresos medios e mesmo bastante elevados. Trump acadou o 58% dos votos da maioría branca, sobre todo os homes e os maiores. Mais, tamén, o 58% do voto das confesións evanxélicas e o 52% dos católicos.

Pola súa banda, a pouco empática Mrs. Clinton representaba nidiamente a Norteamérica urbana da prosperidade, aos milloñarios de Wall St. e ao complexo empresarial militar. Velaí a pouca partici-

pación da comunidade afroamericana, a desconfianza de moitos latinos e máis a desafección da xente moza e dos socialdemócratas (liberal en USA) que votaran Sanders.

Trump gañou por cohesionar mellor a súa coalición electoral, cosida polo medo ao futuro e polo odio a unha globalización, que identifican cos produtos chineses e os inmigrantes mesoamericanos. Mais, tamén, por unha pulsión que non é maioritaria en Los Angeles ou New York, pero si segue a ser importante en Mississippi ou as Dakotas: make America great again, voltemos ao de antes. Os inmigrantes nos seus países, os negros e as mulleres no seu sitio. Unha pulsión ultraconservadora, machista e racista.

O Partido Demócrata pode rachar esa coalición, separando eses ultraconservadores da América profunda dos traballadores industriais brancos que se sentiron excluídos da prosperidade nos últimos anos. Mais non lles chegará só con políticas inclusivas de discriminación positiva para as minorías raciais ou as comunidades LGTB, senón que terán de lle garantir unha digna subsistencia á América branca, rural e menos instruída. Garantirlle á sociedade toda non só igualdade de oportunidades, senón máis xustiza social. Tamén para as maiorías.



Xosé González Martínez

Presidente da Fundación L. Peña Novo

Olimpia Valencia, pioneira da xinecoloxía en Galicia

Adiantándose ao centenario do seu nacemento a Irmandade da Sanidade Galega, celebrará tal efeméride homenaxeando a Doutora Olimpia Valencia López, a primeira muller médica colexiada, especializada en toco-xinecoloxía.

A biografía desta profesional da medicina é apenas coñecida. Naceu an 1898 no concello de Baltar, terras arraianas, nas lindes do Couto Mixto, ese territorio histórico que seguramente ela coñeceu ben. Sen embargo, a súa vida, a partir dos doce anos, trasncorreu en Vigo onde exerceu a partir do ano 1928 a súa profesión deica a súa morte en 1987.

Segundo o historiador Ricardo Gurriarán, Olimpia Valencia López ingresou na Facultade de Medicina en 1919 e licenciouse en 1925 con premio extraordinario, para trasladarse despois a Madrid para facer a tese de doutoramento dirixida polo prestixioso

catedrático de obstetricia, doutor Recasens. A memoria de doutoramento levaba por título "La colosterinemia en la sangre de las operadas en relación co la anestesia quirúrgica". Ali permaneceu aloxada na "Residencia de Señoritas", de igual inspiración e modelo institucionista cá Residencia de Estudiantes, que naceran co espírito de completar a formación académica e humana das alumnas. Por medio de complemento educativos reforzaba a súa formación: cursos, aprendizaxes de linguas modernas, viaxes ao estranxeiro... A súa directora foi María de Maeztu. Nese ambiente académico fixo amizade cunha xeración de intelectuais e investigadores que, co tempo, habían ser figuras senlleiras do pensamento, a pedagogía e a ciencia.

En 1929 cunha bolsa da Junta de Ampliación de Estudos trasládase a Alemaña e Suíza para formarse en clínicas xinecolóxi-

cas que arriqueceran a súa bagaxe científica na especialidade que lle había valer de gran reputación no exercicio profesional entre as súas pacientes en Vigo, onde tivo aberta consulta deica os oitenta e dous anos.

Polas súas ideas republicano-galeguistas sufriu persecución e castigos, mesmo un boicot a súa consulta por ser considerada "roja y separatista" por mor de ter asinado



un manifesto a prol da República e do Estatuto de Autonomía. Malia este abafo, que soubo sortear con dignidade, non deixou de manter relacións co grupo de galeguistas da cidade aos que sempre se sentiu unida,

entre os que figuraban os seus compañeiros, tamén médicos, Dario Álvarez Blázquez, Antón Beiras García e Ramón Obella Vidal. Foron tempos duros e difíciles, sobre todo para ela pola súa condición de muller progresista.

Foi unha das primeira investigadoras científicas de Galicia, dinamizadora de institucións profesionais como a Academia Médico-Cirúrgica de Vigo. Tamén participou en foros importantes como as xornadas médicas galegas, e levou a cabo un papel importantes noutras instancias corporativas.

A Irmandade da Sanidade Galega e o Colexio Médico de Pontevedra vánlles renderlle homenaxe coa descuberta dunha placa, o próximo día 26 ás 12:00 horas, no edificio onde desenvolveu o seu exercicio profesional na rúa Uruguay no que ata hai ben pouco houbo unha placa anunciando a súa consulta: "Dra. Olimpia Valencia. Especialista de enfermedades de la mujer". Media hora máis tarde, ás 13:00 horas, na sede social da delegación en Vigo do Colexio Médico, na rúa Ecuador, celebrárase un acto académico aberto ao público, no que formalizarán o seu ingreso na ISAGA unha trintena de profesionais da sanidade.

Por: Ramón Coira Luaces

Centenario de "A Nosa Terra"

ANosa Terra foi un semanario publicado na Coruña entre 1907 e 1908, a iniciativa do sector galeguista de Solidaridad Gallega. Era rexionalista, anticaciquil e proagrario. A súa segunda etapa -da que celebramos o centenario- iniciouse o 14 de novembro de 1916, coa publicación do primeiro número, tamén na Coruña, dirixido -inicialmente- polo avogado e escritor, Xosé Iglesias Rouca, despois por Antón Vilar Ponte ata 1921 e, máis tarde, por Víctor Casas (aínda que nominalmente figurasen Alexandre Bóveda, Suárez Picallo,...). Primeiro foi o órgano de expresión do sector coruñés das Irmandades da Fala e desde 1932 do Partido Galeguista, tras-

ladándose a súa redacción a Pontevedra. En 1934 foi suspendido baixo o Goberno de Lerroux (nalgún sitio dise que por motivos económicos...), reaparecendo en 1935 e cesando de novo coa sublevación militar de 1936, na que foron asasinados -entre moitos outros- Víctor Casas e Anxel Casal



(editor). A partir de 1942 editouse en Buenos Aires, actuando Castelao como director e editorialista. A partir de 1977 publicouse como semanario en Santiago de Compostela, dirixido por Margarita Ledo Andión e en 1981 traslada a súa redacción a Vigo, pasando a ser novo director en 1983, Afonso Eiré. Despois, nunha nova etapa, pasou a ser unha revista en color, baixo a propiedade de Jacinto Rey. E, finalmente, saíron uns números dixitalmente. Parte da súa antepenúltima etapa lémbroa perfectamente, califíco de extremista e prefiro non falar moito ao respecto, pois non gardo bo recordo dela... Despois mode-rouse e apostou pola creación literaria.

En 1917 contaba con 2.000 subscritores, en 1931 con 500 e en 1935 con 1.000. Os seus recursos económicos pro-

viñan dos subscritores, da publicidade e das doacións (primeiro dos galegos de América, despois das Irmandades da Fala e, por último, do Partido Galeguista). O seu primeiro número contaba con 8 páxinas. Fixéronse un total de 422 números, nos que se espallaba o ideal galeguista. A súa periodicidade era variábel: decenalmente, quincenalmente e mensualmente. Colaboraron nas súas páxinas Manuel Lugo Freire, Luís Amado Carballo, Roberto Blanco Torres, Ramón Cabanillas, Castelao, Xosé Filgueira Valverde, Antón Losada Diéguez, Manuel Antonio, Xaime Quintanilla, Luís Peña Novo, Xoán Vicente Viqueira, Aurelio Ribalta, Vicente Risco, Ramón e Xohán Suárez Picallo, Ricardo Carballo Calero, Gonzalo López Abente e outros.

EDITORIAL

Por: Guillermo Rodríguez

Director



À eternidade en galego, por que non?

Neste mes de Santos o concello de Pontearreas organizou uns actos no cemiterio para animar a que os deudos inscriban as lápidas en galego cando un familiar pasa a mellor vida. A mín pediúseme que lera algo relativo ao uso do galego dentro e fora do cemiterio. Quero compartir aquí uns extractos desa intervención:

“Dentro da política de galeguización que os membros do equipo de goberno local teñen en marcha pediúseme que hoxe lles lera a todos vdes. un relatorio que servira, dalgún xeito, para animar os nosos conveciños a facer deste lugar, no que todos acabamos residindo, un referente dentro desa política regaleguizadora á que antes fixen referencia. É un tanto incomprendible que os que toda a súa vida se expresaron, se entenderos cos seus veciños no idioma galego cando chegan aquí os seus deudos “os condenen”, permítanme a expresión, a ser lembrados logo da súa andaina cara á eternidade nun idioma que non foi o dos seus antepasados, que tal vez fora o seu, aínda que non voluntaria-

mente (o entorno que nos rodea non sempre é como nos gustaría que fora) [...]

En contra do que se di en certos círculos, supostamente, intelectualoides, aquí non temos liberdade para usar o galego. En moitas vilas e cidades galegas non podemos usar libremente o galego mentres o castelán sí, polo que mal se pode falar de liberdade. Non temos liberdade para usar o galego nun xuízo (a non ser que nos arrisquemos a perdelo); nunha entrevista de traballo (a non ser que decidamos seguir no paro); os estudantes non son libres para respostar en galego en todos os exames (a non ser que se expoñan a ser suspendidos). Xente que fai comentarios despecivos como tú que eres? Del Bloque, de la aldea, escritor o profesor?. [...] Fíxéronnos crer que se falabamos en galego non eramos importantes. Acabaron por conformar unha sociedade galega que renuncia ás súas raíces, cando sabemos que o idioma é a esencia máis profunda dun pobo. “A miña lingua é o meu país”, dinnos os grandes escritores galaico/portugueses..

Eu crieime en galego, estudei ata rematar a carreira rodeado de castelán falantes que,, permítanme esta liberdade, na maioría dos casos non foron quen de demostrar maiores capacidades ca min... Eu era, como di Neira Vilas, un neno da aldea.

Pero este feito non me supuxo mingua ningunha para estudar en castelán e outros idiomas, mantendo sempre a miña lingua de uso habitual. Fun profesor de galego, de castelán e de francés durante máis de trinta anos, pero seguindo convencido de que o meu idioma era, é e será o galego, ata que chegue aquí ou a outro cemiterio semellante.

A concelleira de cultura, Hortensia, dime que pensou en min para lerlles a vdes. este relatorio porque sempre defendín o galego nos xornais que tiven e teño, a honra de dirixir. É certo. Cando naceu o primeiro, A PENEIRA, que todos vdes. seguro coñeceron ou escoitaron falar dese xornal, algunhas persoas me preguntaban por que publicábamos en galego se a xente non ía ler o xornal, porque non en-

tendían o galego..... A miña resposta sempre foi a mesma: ben, será esta unha maneira de que o vaian entendendo; se o conseguimos xa os damos por satisfeitos.

Curiosamente, este humilde xornal, non tivo ningún problema de comprensión para os lectores do Condado e do resto do País por onde se extendía. Todo o contrario; aínda hoxe me din, “A Peneira si que era un bo xornal; alí dabades caña, agora sodes uns blandos”. Que quere dicir isto? Simplemente que a xente lía e entendía o que alí escribíamos e seguimos escribindo todos os que apostamos pola normalización do noso idioma naquel xornal e nos outros que puxemos na rúa ata o día de hoxe.[...]

Hoxe os xovens galegos que coñezan e dominen o galego teñen unha vantaxe sobre os castelán-falantes para atopar traballo nestes países emerxentes que teñen fala similar a nosa e nun principio teñen poñer a orella e prestar atención, pero ao pouco tempo o problema da lingua desaparece.

Manolo Ferreiro deixounos

“Cuando un amigo se va algo se quiebra en el alma”, di o poeta.

Efectivamente, Manolo Ferreiro, Xeneral de División da Garda Civil, na reserva, tivo que irse. Altas instancias lle comunicaron que debía incorporarse a un novo destino.

Os que tivemos a honra de ser amigos seus sentimos un profundo oco, porque Manolo Ferreiro non era un garda civil ao uso. Nacido nunha aldea de Celanova (Ourense) nunca perdeu “os pelos da dehesa”, como di o escritor castelán. Tendo acadado a maior categoría xerárquica dentro do corpo da Garda Civil, Manolo, para os amigos, sempre tivo os pés no chán. Atrévome a dicir que poucas persoas, dentro do estamento da Garda Civil, están á altura humana de Manolo Ferreiro. Para el, así mo confirmou máis dunha vez nas múltiples conversas amigables que tivemos, o contacto cos cidadáns debería ser santo e seña dos membros do corpo da Garda Civil.

Dicía que eran a mellor fonte de información tan necesaria para o cumprimento da súa función de servizo á sociedade. Que deberían ser uns máis cojko m, membros da vila ou da cidade onde lles corresponderá exercer. Mágoa que poucos o entendan así.

Fillo dun garda civil que serviu en Pontearreas, aquí fixo os seus primeiros estudos de bacharelato no Colexio Santiago Apóstol. Daquí foise a Academia e de aí saíra Tenente para comenar a súa xeira ao longo e ancho da xeografía española. En Galicia desempeñou diversos cargos, igual que en Madrid. Dalí voltou a Terra que tanto amaba, e aquí rematou o seu periplo de servizo á sociedade. Creo que a praza de Xeneral de División en Galicia foi creada expresamente para el.- Nalgunha ocasión comentoume que co ascenso a Xeneral de División tiña que irse de Galicia, cousa que non quería facer; agás que aquí se creara esa praza. Así



que citaba sempre que a ocasión o permitía. Colaborou para que o Corpo da Garda Civil asumira como natural o uso do galego. “Son todos fillos da Terra, dicía; o seu idioma natural é o galego”.

Pontearreas no-meono Fillo Adoptivo, en 2011, encomendándolle, ademais, a lectura do Pregón da Festa do Corpus de 2012.

debeu ser porque Manolo culminou a súa vida profesional en Galicia.

Manolo Ferreiro rematou a súa andaina na terra que o vira nacer, crecer e ser un galego máis en toda a extensión do termo. Para el a lingua galega, que falaba habitualmente con total normalidade, era un dos sinais de identificación de Galicia. Coñecía aos nosos escritores e poetas, aos

que darlle o noso último adeus, queremos facer extensivas estas nosas verbas de sentimento e amizade, a toda a súa familia; dunha maneira especial á súa dona, Pilar e as súas fillas Pilar, Fátima e Lourdes..

Descanse en paz, Manolo Ferreiro, amigo. Que os deuses do Olympo lle reserven un posto entre os mellores



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com


Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxio Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luis Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

HUMOR



FUCO PRADO



PONTEAREAS

O Goberno inicia as negociacións coa Tesourería da Seguridade Social co fin de adquirir o edificio da súa sede na Praza Maior

O Goberno local de Ponteareas iniciou as conversacións coa Tesourería Xeral da Seguridade Social, titular da propiedade, para lograr para o Concello de Ponteareas o edificio sito na Praza Maior xa que neste momento están sen uso neste momento nos andares 2º

O alcalde Xosé Represas e a tenente alcalde María Jesús Garrrote reuníronse co secretario provincial da Tesourería da Seguridade Social, Ramón Blanco e o secretario provincial do Instituto Nacional Seguridade Social en funcións, Juan Herrera

Na reunión, o secretario provincial da Tesourería manifestou a súa disposición de negociar a venda ao Concello das dúas plantas deste edificio desocupadas. Para un futuro, ambas partes valorarían a permuta da parte que ocupan as oficinas do Centro de Atención e Información da Seguridade Social.

O alcalde Xosé Represas explicou que na reunión da Xunta de Goberno Local do vindeiro luns formalizarán a petición do inte-

rese do Concello por este edificio para que a propia Tesourería inicie os procedementos administrativos de valoración dos andares non ocupados. Ao mesmo tempo, o Goberno local estudará as distintas posibilidades de contar con espazos no mesmo entorno da Praza Maior no que se poidan instalar as oficinas do Centro de Atención e Información da Seguridade Social - CAISS-. Deste xeito, podería completarse a operación de cesión completa do edificio. Esta última acción o Goberno estima que vai demorar sobre un ano, momento no que o local prevé que o Concello estea en situación de afrontar a compra.

Tanto o alcalde como a concelleira de Urbanismo valoraron positivamente esta primeira reunión e a boa disposición dos representantes da administración da Seguridade Social. Abre as posibilidades para que o Concello conte con este edificio para situar nel determinados servizos dadas as carencias de locais propios, tanto para a propia admi-



nistración municipal como para o uso por colectivos sociais da localidade. Esta grave eiva provoca que o Concello non conte cun arquivo municipal, o espazo da biblioteca sexa escaso, careza de salas de estudo, así como resulte pouco operativo, así como servizos municipais estean en locais inadecuados.

Por parte deste xornal aplaudimos a xestión do goberno local para facerse con espazos propios e indicamos que sería unha oportunidade para que o goberno puxeran en marcha as xestións

oportunas para solicitar unha Delegación da UNED. Vilas galegas con menos poboación que Ponteareas (Tui, por exemplo) dispoñen deste importante servizo.

Pensemoas que serían moitos os que poderían cursar estudos universitarios, así como todo tipo de cursos complementarios existentes nestes sen ter que despazarse a Vigo ou Santiago e podendo facelo mantendo os seus traballos e ocupacións habituais. Creemos que sería unha magnífica nova para todo o Condado. Esperemos que así sexa.

Adxudicadas obras de asfaltado por 85.000 euros en Canedo, Arnoso e Areas

O Goberno local de Ponteareas ven de adxudicar as obras de asfaltado en tres vías municipais de Canedo, Arnoso e Areas por un importe total de 85.879 euros, financiados con cargo ao Plan de Concellos da Deputación de Pontevedra

A obra de Canedo consiste no asfaltado, acondicionamento, pintado e sinalización da estrada que vai desde o regato de Canedo até o convento, cun investimento de 50.000 euros.

No caso de Arnoso tratase de obras de asfaltado dun camiño, que linda co Centro Cultural e desemboca xa na saída á N-120 en Areas. Esta obra permitirá regular mellor o tráfico nesta zona xa que ata agora só conta cunha vía asfaltada moi estreita e que en moitos tramos non permite o cruce de vehículos. Ambas as dúas obras teñen un custe de 35.879 euros. En Areas, ademais, mellorase o acceso ao depósito de abastecemento de auga.

Goya Pub
www.goyapub.es

CAFE-BAR PIRI-PIRI JAMONERIA
Especialidade en xamón asado e xamón serrano
Parada Auto Industrial
Progreso, 90 . A Cañiza . 986 652 332

Vinoteca Eira Vella
vinhos, costas, pulgares e demais...
Rosalía de Castro 12 Baixo Ponteareas
694 416 706

Jurídica | Fiscal | Laboral-Social
Mercantil | Contable
ASER GALICIA
C/ Galicia 11 - 48100 Ponteareas (Pontevedra)
Tel. 986 416 210 - Fax 986 416 211 - Email: aser@asergalicia.es

Romero
moda decoración
Constitución, 3 Ponteareas 986 64 00 08

CONDADO / PARADANTA

PONTEAREAS

Rematadas as obras de reforma da Escola Infantil para adaptala á normativa

Nas últimas semanas na Escola Infantil municipal, sita na rúa Escritor Domingo Benavides, realizáronse obras como un cambio no sistema de calefacción do centro, substitución e arranxos da carpintaría exterior, así coma diversas actuacións de mellora das instalacións. A obra custou 30.000 euros, financiada co Plan de Concellos da Deputación.

“Esta era unha obra urxente para a p1030399escola infantil que incomprensiblemente o goberno anterior non lle dera a prioridade necesaria, algo incomprensible cando se trata mellorar o centro da etapa educativa básica, para as nenas e nenos de cero a tres anos, os informes técnicos así o indican”, manifestou a concelleira de Benestar Social,



Verónica Carrera.

Estas obras tamén eran necesarias pola existencia de elementos no centro que non se axustaban á normativa vixente, o Decreto 239 de 2005 da Xunta de Galicia polo que se regulan os

centros de menores e os centros de atención á infancia, como neste caso a Escola Infantil Municipal, “unha norma en vigor dende hai máis de 10 anos que o anterior goberno incumpriu” afirmou Carrera

O Concello realizará reformas no Conservatorio de Música

A substitución dunha das cubertas do edificio e a canalización exterior de recollida de augas pluviais evitará entradas de auga e humidades nas instalacións.

O investimento total nas obras será de máis de 32.000 euros, a cargo dos fondos aportados polo Plan Concellos da Deputación de Pontevedra

A solución proxectada dende a Oficina Técnica do Concello de Ponteareas consiste na retirada da actual cuberta baixa para substituíla por unha nova que

permita o illamento total da zona onde están os novos aseos, procedendo á impermeabilización do encontro da cuberta co módulo principal do edificio en todo o seu perímetro e a incorporación dunha calefacción oculta na parte baixa do tellado.

Realizaranse tamén obras no exterior do edificio do Conservatorio a fin de erradicar as permanentes humidades ocasionadas polas filtracións en días de choiva e a instalación dunha rampla de acceso na parte posterior.

“Esta é a primeira actuación no edificio do Conservatorio Reveriano Soutullo, a fin de devolverlle o esplendor doutros tempos e acondicionalo como corresponde para facilitar o confort que precisa o alumnado. Da totalidade do proxecto de reformas executarase unha nova fase no 2017, dando así resposta as peticións da Comunidade Educativa e asumindo a responsabilidade da Concellería de Ensino que abandonara as instalacións noutras lexislaturas”, aclara a concelleira de Ensino, Cristina Fernández.

Instalados desfibriladores en varios campos de fútbol

As instalacións deportivas de Areas, Angoares e Pardellas, onde se practica fútbol de base e hai unha afluencia de público elevada, serán as primeiras en contar con este equipamento sanitario

“A nosa intención é que Ponteareas sexa unha vila cardioprotexida”, declara a concelleira de Seguridade Cidadá, Sanidade e Promoción da Saúde, Vanesa Fernández. “A instalación destes tres desfibriladores é un primeiro paso. Ano tras ano, iremos ampliando a outras instalacións deportivas e tamén a instalacións municipais de outro tipo, onde haxa unha afluencia elevada de xente”, engade.

Fixeron unha reunión cos clubs que usan habitualmente as instalacións deportivas escollidas á que asistiron a edil de Sanidade, Vanesa Fernández, o edil de Deportes, Benito Márquez, e o xefe de Bombeiros de Ponteareas, Roberto Castro.

A edil explica que o motivo polo que se comeza polos campos de fútbol é para evitar os casos de morte súbita na práctica do deporte, que teñen afectado a campos tanto de fútbol profesional como de ca-

tegoría amadora e base. “Estes dispositivos non só axudarán aos deportistas ou público asistente, se non tamén aos veciños próximos a esas instalacións, xa que é máis efectivo usar este que esperar pola ambulancia. Hai que ter en conta que cada minuto que pasa nun cadro de ataque cardíaco redúcese as probabilidades de supervivencia nun 10%”, indica o concelleiro de Deportes, Benito Márquez.

“Os desfibriladores automáticos externos (DEA), como os que instalamos, salvan moitas vidas, son sinxelos de manexar e están deseñados para que calquera cun adestramento básico poda usalo”, indica a edil de Sanidade. O Concello de Ponteareas organizará nas próximas semanas cursos para adestradores e outros responsables deportivos para instruílos no manexo deste tipo de equipamento sanitario.

O DEA é un dispositivo seguro e fiable con un microprocesador que analiza o ritmo cardíaco e recomenda o nivel das descargas con exactitude, motivo para localizalos en lugares onde a afluencia de público é alta.



PONTEAREAS

Cinco colectivos rexeitan a proposta de cesión dun local polo Concello de Ponteareas

Cinco colectivos de Ponteareas, Adenco, Ponte Solidario, PAH, Círculo Feminista e Festival das Brétemas asinaron un comunicado conxunto para informar ao Concello da súa decisión de rexeitar a proposta de cesión dun local da estación de autobuses ofrecida polo Goberno municipal.

A necesidade de locais públicos para poder desenvolver as súas actividades é unha reivindicación destes e outros colectivos da vila desde que pasaron os primeiros 100 días do actual goberno sen cumprir esta promesa electoral. Desde Xaneiro, ante a posible perda de local de Ponte Solidario, se levan realizando reunións para tratar este tema sen ningún resultado, o Concello limitase a afirmar que non poden dar ningunha solución. A idea de utilizar a estación de autobuses partiu dun dos colectivos. Visto que as reunións promovidas polos colectivos non están sendo útiles vémonos na obriga de sacar o tema a luz pública, temos a sensación de que con estas reunións só tratan de que pase o tempo.

O rexeitamento ao espazo ofre-

cido débese, en primeiro lugar, a que o local non require as condicións necesarias e solicitadas por estes colectivos, tanto de espazo como de uso; o local é de pequenas dimensións e non se permite o almacenaxe de útiles no mesmo.

Por outra parte, o acordo proposto polo Concello non garante ningún tipo de estabilidade temporal, posto que o contrato de cesión será "ata que así o decida o Concello e, en todo caso, ata que a Xunta de Galicia recupere a propiedade do mesmo", feito que o Goberno local solicitou formalmente á Xunta. No propio informe xurídico que se remitiu, aconséllase que o Concello solicite a autorización da cesión á Xefatura territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia, propietaria do local. Este documento garantiría a tranquilidade necesaria aos diferentes colectivos para poder facer uso do local.

É moi preocupante a escasa profesionalidade mostrada polo Concello para resolver este problema, posto sobre a mesa hai máis dun ano, para o que non propuxo ningunha solución, esta proposta foi suxerida por un co-



lectivo e todo avance se debe á presión constante dos colectivos. Mostra desta ineficacia é que o borrador do contrato de cesión non se corresponde co prometido polo propio alcalde nunha reunión celebrada con estes colectivos o 21 de outubro: o documento refírese a un local diferente e os gastos de luz e auga pasan a correr a cargo dos colec-

tivos e non da administración municipal.

Con esta proposta de contrato tamén se manifesta a escasa preocupación do Goberno local por apoiar aos colectivos locais, xa que se obriga aos mesmos a proceder "cando sexa preciso, ao pintado, ou revogación das paredes e todas as reparacións precisas das instalacións do local

obxecto de arrendo". Dita obriga do mantemento da estación de autobuses na fachada exterior está fora das capacidades destes colectivos. Ademais, mediante este contrato non se respecta a liberdade de expresión dos colectivos xa que estipula que só se poderán colocar rótulos no exterior coa autorización previa do Concello.

Presentación en Ponteareas do libro de Román Alonso "Saltando a raia"

A presentación do libro do mestre ponteareán Román Alonso "Saltando a raia" terá lugar o sábado 26, ás 19:00 no Salón de Plenos do Concello de Ponteareas.


Xesús Alonso Montero, presidente da Real Academia Galega, afirma no prólogo: "Que se saiba, non existe na historiografía galega unha incursión nese trágico período (1939-1943) tan documentada e tan precisa, sempre co altísimo valor inherente á metodoloxía da "historia oral" sin fantasías nin ideoloxías.

Abundan nesta monografía os "soldados da Historia", as persoas máis ou menos anónimas que, co seu compromiso, mantiveron ergueita a bandeira da II República e o seu ideario".

O libro recolle a trama dunha resistencia armada antifranquista desenvolvida no sudoeste ourensán entre os anos 1939 e 1943.

Este núcleo temático vai precedido dunha descripción da represión franquista na Limia Baixa e da fuxida de republicanos ó veciño Portugal.

Poderemos ver a homes e mulleres saltando a raia para refuxiarse, para labores de habituallamento, de contrabando e para accións tipicamente guerrilleiras.



ACIP abre unha oficina de atención cidadán

A agrupación política local Alternativa Ciudadana de Ponteareas, liderada polo concelleiro Juan Carlos González Carrera, ven de abrir unha oficina de atención ao público na rúa Rogelio Groba, antiga Darío Bugallal, no lateral da Casa do Concello.

Desde o grupo municipal de ACIP manifestan que a decisión de ofrecer este servizo ven motivada pola situación de protesta de colectivos e veciños ante o abandono no que o goberno municipal mantén o Concello e as continuas queixas que lle comunican polo estado das parroquias e o casco urbano e sobre todo pola falta de seguridade cidadá, "queixándose de chamar á Policía Local e esta non

aparecer".

Os veciños poderán presentar nesta oficina as súas reclamacións e denuncias para logro ser presentadas ante o Concello polo grupo municipal.



CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Banda de Gaitas Tremiñado festexará o seu decimo oitavo aniversario

O Festival do décimo oitavo aniversario da Banda de Gaitas Tremiñado terá lugar o vindeiro 19 de novembro no Auditorio Municipal, a partir das 19.00 horas. Para abrir as actuacións estará o grupo de música tradicional Bouzavella e para pór o ramo estará a banda de gaitas local homónima.

Antonio Gutiérrez, director e presidente da asociación Tremiñado lembra o fin que os levou a crear a banda nos comezos: "En 1998, fundámola para reagrupar a diverso alumnado co fin de impartir aulas de percusión e gaita e darlle unha saída ao potencial creador da nosa cultura. Está a ser unha andaina frutífera e cabe lembrar que sempre traballamos de xeito voluntario". Tras dezaioito anos, mostra do enorme e bo traballo sen ánimo de lucro, ao ensino da instrumentos tradicionais sumáronse as aulas de baile galego e canto tradicio-



nal, con dous mestres especializados ao cargo das correspondentes leccións. A escola da Banda de Gaitas conta con cerca de 40 alumnos nestes intres. "Estamos abertos sempre á inscrición de novo alumnado, sen prazos.", incide Gutiérrez. "Aqueles interesadas e interesados poden dirixirse ao teléfono 607 797 916 para máis información ao respecto.

Presentado no auditorio o proxecto "Vice-versa" polo Ano Internacional do Entendemento Global

Esta iniciativa foi presentada o día 16 no auditorio por Horacio Lourenço e Manuel Loureiro, director e profesor da Escola Artística e Profesional Árvore da cidade do Porto, Ruben Lois González, profesor da Xeografía e Historia da USC e responsable do Ano do Entendemento Global en Galicia e Luísa Márquez, coordinadora galega das Escolas Asociadas á Unesco

O proxecto "Vice-versa" amosa o seu traballo para acadar o entendemento no ámbito dunha "Cidadanía Global e Desenvolvemento Sostible". É a contribución para a celebración no 2016 do Ano Internacional do Entendemento Global (Year of Global Understanding na súa denominación orixinal). As Escolas asociadas da UNESCO adquiriron nas súas comunidades o compromiso ético com obxectivos relacionados coa cohesión social, así coma comunicación e comprensión entre

pobos e culturas diversas, para acadar un mundo mais xusto. Están convidados a asistir as direccións e profesores dos centros educativos, responsables políticos da área de Ensino, así coma as ANPAS de toda a contorna.

"O fomento dunha mellor comprensión de como o local afecta ao pensamento global co fin de promover políticas intelixentes para facer fronte aos desafíos a escala mundial como o cambio climático, a seguridade alimentaria ou a migración, son temas que o proxecto "Vice-versa" tamén tocará", aclara a Concelleira de Ensino, Cristina Fernández.

O IYGU é unha iniciativa que tivo a súa orixe na Universidade Friedrich-Schiller de Jena, na Alemaña, a través do Profesor Benno Werlen, xeógrafo social daquela universidade en colaboración coa Unión Xeográfica Internacional.

Ponteareas abre o prazo de solicitudes para as listas de contratación temporal de persoal laboral

Os postos ofertados son oficial de cociña, axudante de cociña, auxiliar de puericultura, camareira limpadora, auxiliar de enfermaría e condutor palista e peón do Grumir, así como profesores de clarinete, frauta traveseira, gaita, guitarra, óboe, percusión, saxofón, trompeta, tuba, viola, violín, violonchelo, linguaxe musical e piano. Posteriormente, porase en marcha o proceso para outras prazas, unha vez que venza o seu período de vixencia.

O alcalde Xosé Represas explicou que "o obxectivo é que as persoas que opten a cubrir unha praza teñan garantido a igualdade de oportunidade mediante un proceso en concorrencia competitiva e con todas as garantías de transparencia.

Para determinados postos esixírase a formación específica para ese servizo, así como o resto da documentación requiridas nas bases, publicadas tamén na web municipal, e o prazo para a presentación de currículos dos interesados para comezar o procedemento de selección será de 20 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), é dicir, do 1 ao 21 de novembro.

Chévere presenta As fillas bravas en Ponteareas

O grupo de Chévere, Premio Nacional de Teatro 2014, representa a súa obra feminista e de humor "As fillas bravas" no Auditorio Reveriano Soutullo o domingo 20 de novembro ás oito da tarde. As entradas, a 3 euros estará a venda unha hora antes do espectáculo.

As fillas bravas son tres mulleres que tocan e cantan o que lles peta como antes fixeron a súa nai e a nai da súa nai, porque todas son fillas do vento, mulleres de andar a pé do toxo, orgullosas de vir de tras da silveira, cantoras dunha estirpe de voces furtivas que berran entre raposos.



GASOLEOS TEA S.L.

Distribución Oficial para:
CALEFACCIÓN, INDUSTRIAL E AUTOMOCIÓN
-SERVIZO A DOMICILIO-

Campsa

Tlf. u Fax: 986 61 43 12
Rosalla de Castro, 3 A GUARDA
Tlf.: 986 88 13 00 - Fax: 986 88 13 09
Rúa Real, s/n PONTEAREAS

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, Colexios, oficinas
cristalerías, moquetas, abrillantado
de suelos, primeiras obras,
limpeza de fachadas

Rúa As Lavandetras, 3 Baño
36860 PONTEAREAS
Telf. y Fax: 986 661 652

Trabaja de Imprenta

COPIAS B/N - COLOR - PLANOS
IMPRESIÓN DIGITAL COLOR
ENCHUADERNACIONES - FAX
PLOTTER - CARTELES
PLASTIFICADOS
PUBLICIDAD

Telf. - Fax 986 642 971

C/Travador Xoán G. de Guillade, 2
Ponteareas - Pontevedra
E-mail: amacopy@amacopy.com

Jesús Bastos Martínez
629 40 17 17

“En galego, agora e sempre” no Cemiterio Municipal de Ponteareas

Fotografías Hernandez

O Concello de Ponteareas en colaboración coa Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística (AFNLG) organizou o día 27 de outubro, no Cemiterio Municipal o acto “En galego, agora e sempre”, co gallo do Día da Restauración da Memoria Lingüística de Galicia

Desde o Concello preténdese salientar o feito de que unha inmensa maioría das persoas galego falantes pasan a ser lembradas nas súas tumbas nunha lingua allea á que usaron en vida, aínda que mesmo algúns, si deciden lembrar aos seus familiares colocando as inscricións funerarias na nosa lingua.

O acto comezou coa descuberta dunha placa na honra de todas as veciñas e veciños que nos precederon e que foron quen de transmitirnos a nosa lingua e cultura.

Tras a descuberta Xosé González Martínez, secretario da AFNLG referíase ao compromiso do uso normalizado da nosa lin-

gua tamén nas necrolóxicas e lápidas funerarias, e Guillermo Rodríguez, director de Novas de Turonio e Eixo Atlántico, persoa comprometida co uso do galego nos medios escritos deixounos unas verbas.

Durante o acto, un grupo de amigos e veciños de Canedo farán unha lembranza diante da tumba de Luís Pardo Groba sobre o seu papel pioneiro na dinamización socio-cultural de Canedo.

Posteriormente, convidouse a todos os asistentes a sumarse, quen así o decida, á sinatura pública da acta de “Derradeiras Vontades” na que se deixará constancia expresa de empregar a lingua galega nos epitafios e lápidas, incorporando aos testamentos e últimas vontades un mandato específico neste sentido.

Ao remate, realizouse unha visita guiada a cargo de Gonzalo Fernández para dar a coñecer os diferentes elementos da arquitectura e simboloxía das principais construcións do cemiterio Municipal de Ponteareas.



A Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Ponteareas participou no V Encontro Luso-Galaico de Monção

O certame, organizado polo grupo de música popular Os Teimosos, estreita relacións e promove a convivencia e intercambio cultural entre as localidades raianas.

A Orquestra do Conservatorio “Reveriano Soutullo” participou no encontro o pasado 5 de novembro, xunto do grupos ponteareán Voces do Arrieiro e outros como As Cantadeiras do Neiva de Viana do Castelo e As Donicelas de Salceda de Caselas. Ateigouse o Cine Teatro João Verde, lugar escollido para este encontro.

O concerto da Orquestra Sinfónica do Conservatorio de Ponteareas foi baixo a dirección musical de Filipe Cunha que interpretou unha recompilación de pezas musicais ao redor da relación entre Galiza, Portugal e o río Miño.

“Esta é unha das participacións de alumnado e profesorado do Conservatorio en distintos eventos musicais e institucionais programados para este curso escolar, e que serán enriquecedoras ofrecendo unha experiencia diferente e unha relación directa cos compoñentes de outras agrupacións musicais de vilas da nosa contorna”, sinala a Concelleira de Ensino, Cristina Fernández Davila.

milfollas
LIBRERÍA - PRENSA - PAPELERÍA

Carballos, 10 - PONTEAREAS
Tel: 986 66 79 13

Fonte da Vila, 7 - SALVATERRA
Tel: 698 126 552

milfollas@mundo-r.com

Casa Eligio
RESTAURANTE

Tel.: 986 651 047

C/ del Carmen, 2 - A Cañiza

BODEGUILLA PULPERIA
TAPERIA
BERCEO

Rosalía de Castro, 6
PONTEAREAS

Teléf. 986 660 826

CONDADO/PARADANTA

COVELO



Alba Lishi e Albino Estévez, do Club Covelo de Patinaxe, medallas de bronce na Copa de Europa

Os patinadores Albino Estevez Pérez e Alba Lishi, do Club Covelo de Patinaxe veñen de participar na Copa de Europa de Patinaxe Artístico 2016 celebrada en Calderara di Reno, Italia entre o 1 e o 5 de novembro, formando parte do grupo de 57 patinadores da selección española.

Alba e Albino subiron ao podio a recibir a medalla de bronce da súa modalidade de Parella Artístico categoría cadete.

No caso de Alba ten especial mérito xa que acaba de superar unha lesión que lle impidiu participar no Campeonato de España Infantil de Patinaxe Artístico em Vélez, Malaga, o pasado mes de outubro.

Por outra banda, o patinador do Club Covelo Xabi Gómez Lorenzo participou no seu primeiro nacional, de categoría alevín celebrado en Lloret, acadando o oitavo posto nunha competición sempre esixente nestas curtas idades.



II Concurso de Contos Concello de Covelo 2016

O sábado 3 de decembro ás 18h. no Auditorio Municipal os covelenses teñen unha cita ca cultura. O II Concurso de Contos do Concello de Covelo, amenizando a xornada a actuación a Cía. de Teatro David Fernández Rivera.

Os contos, en galego, orixinais e

inéditos, de dúas páxinas máximo, preferiblemente a ordenador, deberán ser presentados ata o 18 de novembro.

Os premios, en categorías de 5º e 6º de primaria e nenos da ESO, serán un lote con tablet, funda e auriculares para cada unha das categorías.

Talleres Xuntanza Amig@s das Labores

A partir deste mes de novembro terán lugar no salón multiusos de Covelo, nos baixos da biblioteca municipal, tódolos xoves de dez e media a doce e media da mañán, os Talleres Xuntanza Amig@as das Labores.

Con estos talleres preténdese establecer un punto de encuentro e interrelación entre

veciñ@s, onde cada un deles aporte os seus coñecementos na materia das labores, tendo que traer cada un os seus materiais.

Estes talleres son gratuítos, xa que non é un mestre o que imparte as clases se non que son os propios asistentes que comparten os seus métodos.

Tapería - Restaurante
ALPENDRE
Os domingos facemos cocido

Rúa Redondela, 13, baixo. Ponteareas
telf: 886.216.325 e-mail: alpendre@galicia.com

Panadería Pastelería
A Fogaza
Pan Artesano

Doña Bugallal, 7 Pontecorvo
Telf: 886 15 52 49 - 661 95 84 79

expert  **SanFer**

986 648 270

R/ Entrécins, 12
36440 AS NEVES

www.sanfer.net
sanfer@sanfer.net



I Feira de outono
20 de novembro
Mercado municipal
As Neves

Micología Música
Degustacións Obradoiros
Mostras Magosto

Novembro de 2016

Venres 18
• Curso de micología. 20:30 h. As Pedriñas, San Xosé de Ribarteme. Xornada técnica de 90 minutos de duración impartida por Juan Gullie. A inscrición no curso é libre ata completar 30 prazos e pode facerse na páxina de Facebook de Malt Pedriñas ou chamando ao 698 151 655.

Sábado 19
• Curso de micología. 10:00 h. As Pedriñas, San Xosé de Ribarteme. Xornada técnica de 90 minutos de duración impartida por Juan Gullie na que se fará unha saída ao monte.
• Comer outono! 13:30 h. Centro Social, As Neves. Degustación de pratos elaborados pola cocinera Rocio Gamito con cogomelos, cabazas, castañas, miel, requesón, moza e outros produtos de temporada.
• O aproveitamento da terra. 17:00 h. Auditorio municipal, As Neves. Mesa redonda aberta sobre o medio natural e o aproveitamento da terra. Estarán Paulo Rial e Alejandra González como especialistas en concultura ecolóxica, produtores de mel das Neves, integrantes das Comunidades de Montes e do sector vitivinícola, cooperativistas e a cocinera Rocio Gamito.

Domingo 20
I FEIRA DE OUTONO. Mercado municipal, As Neves.
• 10:00 h. Apertura da feira. Aterizada polo grupo musical Os Gascamais. Ao longo da xornada haberá mostras de produtos do territorio, degustación de pratos de outono e obradoiros para crianzas e maiores.
• 18:00 h. Magosto. Exteriores do mercado municipal, As Neves.
• 20:00 h. Peche da feira.

A exposición fotográfica **Evolutus** estará no espazo da feira durante toda a fin de semana.

As Neves actualiza os seus medios audiovisuais e de son.

O Concello das Neves ven de rematar a adquisición e colocación de novo equipamento audiovisual e de son no Auditorio Municipal. Tamén contará con materiais para eventos no exterior ou noutras instalacións.

No Auditorio Municipal instalouse un novo proxector, unha mesa para o control da nova iluminación escénica, unha mesa para o control do son, etapa de potencia, equalizadores, P.A., subwoofers e novos micrófonos con toda a instalación precisa e coas últimas tecnoloxías.

O Alcalde das Neves salienta que se afrontou a renovación de equi-



pos antigos, desfasados e que xa non cumprían coas necesidades do departamento de Cultura que leva revolucionado As Neves no seu ámbito con ciclos culturais, como son, Outono de Teatro, Cinema de Inverno e Primavera de Música.

Ademais cos equipamento para o exterior, o Concello avanzará nas posibilidades de descentralización levando con máis facilidade os eventos as parroquias.

As Neves avanza na actualización da iluminación pública

O Concello de As Neves ven de rematar as obras de adaptación das farolas para a colocación de lámpadas LED na zona de Taboexa.

Os traballos, cun custo total de 24.400,00 €, foron realizados por Electricidad IN.M.A.C. Condado, S.L. Empresa á que se lle adjudicou o proxecto tras examinar as ofertas enviadas por tres empresas distintas. Estes traballos consistiron na instalación dun novo cadro e 60 puntos de luz formados pola luminaria completa con módulos LED de 50 e 80 W.

En canto ao financiamento das obras, 15.340,13 € están subvencionados polo Instituto Enerxético de Galicia dentro do Programa de Desenvolvemento Rural 2014-2020 do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural; mentres que os 9.059,87 € restantes serán asumidos polo orzamento municipal.

Unha nova iniciativa de creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas, que segue a liña de avanzar no aforro e eficiencia enerxética do Concello. Liña xa iniciada meses atrás coas melloras na xestión e mantemento do alumeadado público.

O Concello Escoita

O Concello inicia unha nova rolda de reunións de contacto coas distintas parroquias para recoller as inquedanzas dos veciños e expoñer os seus proxectos. O calendario, que vai do 14 de novembro ao 16 de decembro, é o seguinte: Estación o día 14, San Xosé de Ribarteme o 16, Ta-

boexa o 18, San Pedro o 21, Rubiós o 23, Cerdeira o 25, Liñares o 28, Batalláns o 30, Santiago de Ribarteme o 2 de decembro, Tortoreos o 5, Vide o 9, Setados o 12, As Neves o 14 e San Cibrán o 16. As reunións serán ás oito da tarde, excepto en Cerdeira que será ás sete e media e As Neves ás nove da noite.

Recollida de xoguetes en Arbo

Un ano máis o Concello de Arbo, organiza unha campaña de Recollida de xoguetes, ante a chegada do Nadal.

No Edificio do Concello e na Bi-

blioteca Municipal, haberá unha caixa na que poderán deixar xoguetes, libros, e outros agasallos para nenos e nenas ata os 14 anos.

O prazo remata o domingo 11 de decembro, coincidindo co "ArboNadal 2016", mercado solidario de artesanía, antigüidades, colecciónismo, segunda man e produc-

tos ecoloxicos.

Do mesmo xeito, ten lugar "operación Quilo", na que participan os supermercados da zona. Na súa entrada os supermercados pondrán un carro da compra, donde os veciños poderán depositar os alimentos para o banco de alimentos do Concello de Arbo.



Forjados Hnos. Durán S.L.

Fábrica y Oficinas:
Santiago de Ribarteme, 1
36147 AS NEVES (Pontevedra)

Tel: 986 648 130
Fax: 986 648 630
e-mail: duran@forjadosdurán.com
http: www.forjadosdurán.com



Ler e Punto

LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
MERCEaría - LARORES - LÁS
MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114- 607 577 147
ENTRADA de AS NEVES
Fronte á gasolín, e xunto a XES



AS NEVES
TALLER DE REPARACIÓN S.L.

MECÁNICA
CHAPA E PINTURA Ó FORNO
CARGANOS "CLIMA" DO TEU COCHE
VARIEDADE EN RODAS

Pazo, 8
Tortoreira

tel: 986 66 74 80
36848 AS NEVES

CONDADO/PARADANTA

GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Homenaxe a Oswaldo en As Neves

Homenaxe a Oswaldo Lino González no seu cabodano

O 29 de outubro, recen cumprido o primeiro cabodano do seu pasamento, celebrouse en As Neves un homenaxe ao que foi alcalde deste Concello durante 22 anos, de 1969 a 1975 e de 1983 a 1999, Oswaldo Lino González Pereira, ao que asistiron familiares e veciños así como alcaldes, ex-alcaldes e concelleiros da contorna e mesmo personalidades como o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda.

Tras unha misa cantada pola Coral Santa María de As Neves, descubriuse un busto, sufragado por suscripción popular, diante da Casa do Concello, mentres a Banda de Música Popular de Rubiós interpretaba "Candilejas". Logo dunhas palabras de César García en nome da organización, o acto pechouse coa marcha galega "As Neves" na honra de Oswaldo, dirixida polo propio compositor Rogelio Groba.



Super
LARANXEIRA
★ Servizo a domicilio ★
Alimentación en xeral
Froitas - Verduras - Conxelados
Telf: 986 657 484. Taboexa - As Neves

DURÁN DURÁN
MUEBLES
comprometidos con la calidad
AS NEVES - Praza Maior, 6. Telf: 986 648 405
BEADE - VIGO - Porto 66 Telf: 986 242 909
GONDOMAR - Ameixeira, 10 Telf: 988 369 596

RIVERO Casa
RESTAURANTE
Telf: 986 656 337 - MONDARIZ BALNEARIO

Castelo MUEBLES
Castelo 2 MUEBLES
ATENCIÓN AL CLIENTE
609 288 188
Tlf.: 986 654 312
Ctra. General, nº 66. VILLASOBROSO
Tlf.: 986 642 925
Avda. Castelao, nº 26. PONTEAREAS
www.mueblescastelo.es - mueblescastelo@hotmail.com

Restaurante O'Rianxo
Algo diferente no Condado
Terraza de veraneo interior
Ctra. N-120
Villasobroso - Mondariz
GALICIA - ESPAÑA
Telf.: +34 986 654 434



3ª FESTA DO VIÑO Espumoso

D.O. Rías Baixas

SÁBADO 3 DE DECEMBRO

12:00 h.
INAUGURACIÓN DA FESTA E APERTURA DE STANDS.
NO CASTELO DA RAÍÑA DONA URRACA.
Degustaranse os espumosos acompañados de ostras, empanada, mexilóns, tapas, embutidos, filloas, bombóns, turrón e chocolate.

12:30 h.
ACTUACIÓN DA BANDA DE GAITAS PONTENOVA.

13:00 h.
APERTURA DE BOTELLAS DE ESPUMOSO CON "DEGÜELLE A SABLE".

18:00 h.
CURSO DE INICIACIÓN AO MUNDO DOS ESPUMOSOS.
Impartido por: **D. Luis Paadín** (Primeiro Ambassadeur du Champagne de España)
- Orixe, elaboracións e actualidade dos espumosos.
- 40 prazas, por orde de inscrición. Reservanse 10 prazas para adegas.
- Probaranse 9 viños espumosos (Cava, Champagne, Lambrusco, etc.)
- Para asistir ao curso deberán inscribirse no Concello de 9 a 14 horas, dende o día 7 ao 30 de Novembro, ambos inclusive, e pagar o importe de inscrición de 10€ nunha entidade bancaria do municipio.
- Entregarase diploma de asistencia.

19:30 h.
SHOWCOOKING.
A cargo do Centro Superior de Hostelería de Galicia.

20:30 h.
ACTUACIÓN MUSICAIS:
THE FUNKLES
e 2CON2





DOMINGO 4 DE DECEMBRO

11:00 h.
APERTURA DE STANDS NO CASTELO DA RAÍÑA DONA URRACA.

12:00 h.
NOMEAMENTO DE NOVOS COFRADES DA COFRADÍA DO VIÑO DO CONDADO DO TEA E ESPUMOSOS.

12:30 h.
ACTUACIÓN MUSICAL DE ANDREA POUSA E BRUXO QUEIMAN.

13:00 h.
SHOWROOM-PRESENTACIÓN.
Armonía e maridaxe dos viños espumosos ao público, por **D. Luis Paadín** (Primeiro Ambassadeur du Champagne de España).
Apertura de botellas de espumoso con "Degüelle a Sable".

13:30 h.
ACTUACIÓN MUSICAL DE PIANO

17:00 h.
ACTUACIÓN MUSICAL: QUINTETO AFIATO

17:30 h.
CATA POPULAR DE ESPUMOSOS. (Con concerto de piano)
- Para asistir á cata, inscribirse no Concello de 9 a 14 horas, dende o día 7 ao 30 de Novembro, ambos inclusive, e pagar o importe de inscrición de 5€ nunha entidade bancaria do municipio.
- Cubriranse as 90 prazas por orde de inscrición.

20:00 h.
CURSO ARMONÍA DE VIÑOS ESPUMOSOS D.O. RÍAS BAIXAS CON QUEIXOS UNIVERSAIS.
Impartido por **D. Luis Paadín** (Primeiro Ambassadeur du Champagne de España)
- Probarase a armonía de 4 tipos de espumosos con 8 mostras de queixos de diferentes partes de Europa.
- 40 prazas, por orde de inscrición.
- Para asistir ao curso deberán inscribirse no Concello de 9 a 14 horas, dende o día 7 ao 30 de Novembro, ambos inclusive, e pagar o importe de inscrición de 10€ nunha entidade bancaria do municipio.

20:30 h.
ACTUACIÓN MUSICAL:
LEMBRANZAS MOAÑESAS





Fausto

CAFE & VINOS

Síguenos en Facebook

Fausto Ao Novo

Marquesa do Pazo, 4 - AS NEVES

Talleres
Guiller Motor

Venta de vehículos usados



Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



TALLERES



ALBARIÑO

Viña
Araujo

RIAS BAIXAS

DENOMINACION DE ORIGEN

Telf./fax : 986 658 066

Porto-Praza, 5

www.adegaaraujo.com

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

Salvaterra contra a violencia de xénero

En torno ao 25 de novembro, día contra a violencia de xénero, o Concello de Salvaterra de Miño organiza diferentes actividades co fin de concienciar a cidadanía da gran importancia da tolerancia cero ante esta lacra social, enfocando as súas actividades sobre todo hacia os máis cativos e cativas do municipio.

Por un lado o Concello organiza o seu VI Concurso de slogans contra a violencia de xénero co alumnado do IES Salvaterra, co obxectivo de sensibilizar sobre a violencia de xénero no ámbito familiar. Trátase de facer reflexionar aos mozos e mozas sobre este problema, que entre todos debemos erradicar promovendo un cambio de mentalidade que contribúa a desmitificar estereotipos e transmitir valores de igualdade e non violencia. Outorganse catro premios, 3 premios por valor de 50€ e un primeiro premio de 150€ canxeables por material educativo, deportivo e/ou música. Ademais co slogan gañador elaboraranse uns marcadores de pá-

xinas que se difunden entre o propio centro, e que pretenden ter unha finalidade sensibilizadora, preventiva e informativa ao mesmo tempo, xa que neles inclúese ademais do mencionado lema gañador deste concurso, teléfonos e enderezos posibles a donde poder dirixirse para asesorar no caso de coñecer ou ser vítima dalgunha situación de violencia / malos tratos. O slogan gañador do ano pasado foi "Son máis que feridas, son as nosas vidas".

Durante estas semanas o balcón da Casa do Concello lucirá un lazo e unha pancarta lembrando así a todas as vítimas e declarando o seu rechazo máis firme a tódalas violencias de xénero.

No propio día 25, na Praza do Concello, de 16.30 a 18.30h, levarase a cabo unha actividade para os máis cativos "A gran OCA pola igualdade", que fará un percorrido por diferentes e divertidas probas. Ademais todos aqueles que queiran amosar a súa repulsa á violencia de xénero, poderán acercarse tamén a Praza e deixar a súa pegada nun Mural Conmemorativo.



Exposición de mobles e vestimentas antigas no Castelo de Dona Urraca

Salvaterra de Miño ten exposta durante o mes de novembro unha particular e curiosa colección de vestimentas e mobles antigos.

A mostra recrea diferentes espazos do fogar tradicional galego como son o dormitorio, a cocíña ou a sala de estar. Así mesmo, o visitante tamén pode apreciar traxes, mantelería e outros adornos con máis de 130 anos de antigüidade.

A colección foi ofrecida ó Concello de Salvaterra de Miño por unha veciña de Salvaterra, Dona Carmen Formoso, mestra xubilada do municipio. Esta exposición temporal ubícase no primeiro andar do Castelo de Dona Urraca.

Como leva facendo, ó longo deste ano 2016, o Concello de Salvaterra de Miño ven apostando forte pola dinamización e revitalización deste singular espazo histórico, o Castelo de Dona Urraca, declarado Ben de Interese Cultural dende o ano 1949, que unha vez máis abrirá as súas portas coa dobre finalidade coa que o leva facendo ata agora: a de mostrar ó visitante a preservación e riqueza deste espazo único e a de servir de Sala de Exposicións para a exhibición de coleccións singulares.

Esta exposición estará temporalmente aberta ó público os sábados, domingos e festivos com-

prendidos entre os días 29 de outubro e 27 de novembro. O horario de apertura será de 11:00h a 14:00h e de 16:00h a 19:00h.

Lembramos que o Punto de Información e Turismo estará aberto nese mesmo período de tempo dentro das instalacións do Castelo de Dona Urraca.



CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

18ª Festa do Viño Novo de Arantei

O pavillón de deportes de Arantei, no concello de Salvaterra de Miño, aco-

llerá o día 20 de novembro a XVIII edición da Festa do Viño Novo, un evento caracterizada en gran medida, pola oferta gratuíta de viño, doando por todos os veciños da parroquia, que gardan o mellor da colleita para a data.

O barrio da Carrilla, este ano organizador de dita festa, encargouse de xuntar e elaborar, xunto coa axuda altruísta dalgún veciño, ao redor de 1000 litros de viño de distintas variedades de Condado Tea, tanto tinto como branco.

A partires das 11:00 da mañá,

dará comezo esta homenaxe ao bo trato do corpo, máis ás 9:00, terá lugar una andaina popular, polas espléndidas terras deste pobo, co fin de desfrutar das boas vistas que a natureza nos brinda, así como abrir o apetito de cara ao que o día nos deparará.

Ademais de viño gratis, esta celebración, ofrece a oportunidade de acompañar estes ricos caldos con tapas de callos, polvo, orella, empanada, xamón e lamprea rechea, aparte de variados produtos para darlle o toque doce a esta vianda.

Ás 12:00 está prevista a lectura do pregón, a cargo do copiloto de Rallyes Cándido Carrera. E como todo convite non é o mesmo sen un pouco de música, a xornada estará amenizada polo grupo de gaitas O Freixo de Entienza (Salceda de Caselas) e a charanga Sghae (Salceda de Caselas).



GALERÍA DE HERNÁNDEZ

Xornada A Nosa Memoria da Asociación Lazoio en Salvaterra de Miño



o remendón

Cerraxería
vivenda, automóbil, chaves

Reparación de calzado

Tlf. 637 764 865
cerrajeroremendon.com
Rúa Raíña Dña Urraca, 20-baixo 3
Salvaterra de Miño

ELECTRICIDAD IN. M. A. C. CONDADO. S.L.

Jorge Ferreira Bouzo
Instalador Autorizado PO-1903

- Instalacións e montaxes eléctricas en xeral
- Calefacción eléctrica
- Alumeados públicos
- Estudos e proxectos de aforro enerxético
- Servizo de averías e mantemento **24 Horas**

Tel: 986 65 82 07 - Móvil: 633 86 01 55 - E-mail: administracion@electricidadcondado.es
Edif. Ind. Clon de Pinea, Floor 1 - 33450 SALVATERRA DE MIÑO

BIMCA, S.L.

FERRETERÍA Y MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
PAVIMENTOS Y AZULEJOS
PINTURAS, SANEAMIENTOS, ELECTRODOMÉSTICOS

C/ Rosalía de Castro, 99. SALVATERRA DE MIÑO
Telf. 986 659 362 - 986 658 514 - Fax 986 658 274
e-mail: bimcag@bimca.com www.bimca.com

LOURIÑA

O Porriño

O Concello acadou en outubro a débeda cero

O Concello do Porriño está xa, dende o inicio do mes de outubro, en 'débeda cero'. Como indicou a alcaldesa, Eva García de la Torre, unha "xestión económica modélica" e o feito de que haxa partidas orzamentarias que non se esgoten, fai posible que se veña de engrosar o remanente de Tesourería que, dacordo cos seus cálculos, superaría os 6 millóns de euros netos.

Isto supón que nos orzamentos municipais de 2017, engade a rexedora, non sexa necesario dotar partida algunha para o pago de débeda, aínda que García de la Torre considera que "é unha anomalía acumular un re-

manente de Tesourería tan importante" e, considerando esta circunstancia, agarda poder pactar os novos presupostos, "para destinar esa cantidade a inversións necesarias para O Porriño, coma todas as que propoñen os grupos da oposición nos Plenos da Corporación".

A alcaldesa subliña que estas cantidades poderían dedicarse aos proxectos pendentes de saneamento, fomento do emprego, Benestar, á mellora de infraestruturas, como estradas e camiños, vías e obras, necesidades das parroquias ou parques públicos, "entre moitísimas outras demandas das veciñas e veciños da vila".

Entrega de diplomas na aula CeMIT

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada pola concelleira de Traballo e Benestar, Soledad Girón, entregou os diplomas aos participantes nos talleres de impartidos pola Aula CeMIT do Porriño.

Preto de 70 persoas de distintas idades participaron nestes cursos e seminarios os últimos meses e completaron os mesmos que versaron todos eles sobre temas relacionados coa informática.

García de la Torre felicitou aos asistentes e subliñou a importancia que ten a aprendizaxe e, aínda máis, a que relacionada coas novas tecnoloxías. A alcaldesa sa-

lientou a necesidade de mellorar a formación coma canle para acceder ao mercado laboral e reiterou que a creación de emprego é a primeira prioridade do Goberno local do Porriño.

Pola súa banda, a concelleira de Emprego e Benestar lembrou que a Aula CeMIT está aberta todo o ano e que os talleres que imparte na súa sede, no Edificio Multiusos de Torneiros, están abertos para todas aquelas persoas que queiran participar neles.

Soledad Girón engadiu que estes cursos son froito da colaboración entre o Concello e o Goberno de Galicia o que posibilitou a contratación dos profesores que impartiron cada un dos mesmos.

Participantes no obradoiro de emprego fan traballos de conservación e limpeza

Participantes no Obradoiro Municipal de Emprego, todos eles perceptores da Renda de Inserción Social de Galicia (RISGA), desenrolan dende setembro, diferentes labores en distintos lugares do Porriño.

Oito deles, homes e mulleres, seleccionados pola Oficina do Servizo Galego de Emprego, que ata o vindeiro mes de marzo, ademais de mellorar os seus coñecementos de albanería ou tarefas forestais, farán un traballo remunerado e, porén, estarán dados de alta na Seguridade Social, desenvolven diferentes cometidos para a Concellería de Vías e Obras, que dirixe Manuel Carrera.

Nas pasadas semanas, fixeron labor de conservación e limpeza en distintas parroquias, como Pontellas, Atios, Budiño ou Torneiros, na zona sur, que xunta dous dos polígonos industriais do Porriño, A Granxa e As Gán-



daras, e remataron co acantamento do primeiro deles que, nalgunhas das partes nas que estiveron presentaba un estado de abandono.

Manuel Carrera subliña o "excelente labor" e a "implicación e interese" deste grupo de homes e mulleres, que non so "están a realizar un traballo

perfecto", senón dunha "grande importancia" para as veciñas e veciños da vila. Carrera cita coma "esencial" a actuación para desobstruír os desaugadoiros, "agora que empezaron as choivas" evitando que a as follas tapen os sumidoiros e a auga cause danos nas pistas, estradas e beiravías.



LA BOUTIQUE DE LOS NIÑOS

lonblan

PORRIÑO

Seguinos en **facebook**. lonblan moda infantil - www.lonblan.com

C/ Manuel Rodríguez, 82 - Telef: 986 331 371 - PORRIÑO

CONFITERIA

Regino

Rosquillas . melindres . variadito de pasteles
sublime de cacao . tarta de té
rocas de chocolate . tarta de franbuesa
tartas personalizables con foto a partir de 2 kg

Reveriano Soutullo, 16 Pontareas 986 640 834

A alcaldesa e o concelleiro de industria visitan a empresa Quobis

A alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, acompañada polo concelleiro de Industria, Marcelino Coto, visitou este martes sede de Quobis, a empresa viguesa que traballa para empresas da importancia de Bosch, Alcampo ou PSA Peugeot-Citroën.

Quobis, firma especializada en enxeñaría de telecomunicacións, desenvolve proxectos de Infraestruturas Comúns de Telecomunicacións (ICT's), deseño de redes de voz e datos ou instalación de redes sen fíos basea-

das na tecnoloxía WiMAX, ten a súa central no Polígono de A Granxa e conta con máis de 30 traballadores.

Na actualidade é unha das compañías punteiras no seu sector grazas a varios dos seus programas, como un identificador de voz que permite recoñecer aos clientes durante unha chamada.

Ademáis, diseña un sistema que detecta fraudes nos servizos de comunicacións, desenrola xunto a R, Coremain ou Optare Solutions, un produto que estuda as preferencias dos usuarios

e mellora o trato aos clientes ou impulsa en preto dunha ducia de proxectos de investigación de desenvolvemento.

Esta visita entra no marco do contacto permanente que a alcaldesa e o concelleiro manteñen, dende o principio do mandato do actual Goberno local, coas empresas e firmas radicadas no Porriño para coñecer en profundidade as súas necesidades, os seus proxectos e abrir canles de comunicación que permitan mellorar a rendibilidade e actividade das mesmas.



Remata a reforma do balastro de Aloques



A Concellería de Vías e Obras, dirixida por Manuel Carrera, ven de rematar nun prazo de apenas dez días, a reforma do balastro da rúa Aloques, que demandaran os veciños ante a falla de seguridade que presentaba e que implicaba un perigo, especialmente para os cativos que xogan na zona.

Para rematar co mesmo, o Concello engadiu uns 70 centímetros de altura ao valado, que chegaba á altura dos xeon-

llos e que, dende agora, supera o 1,20 metros, dificultando a posibilidade de accidentes e cumprindo coa normativa, tanto de seguridade, coma de accesibilidade.

A obra abrangue os 30 metros de lonxitude do balastro e, na mesma empregouse pedra rosa Porriño, cumprindo coa intención do Goberno local, como xa anunciara Manuel Carrera, de usar sempre pedra do Porriño nas obras municipais que se realicen na vila.



LOURIÑA

O PORRIÑO

Os deputados Meijón e Galovart levarán os temas importantes do Porriño ao Congreso

Alcaldesa recibiu este luns aos deputados por Pontevedra no Congreso, Guillermo Meijón e Dolores Galovart, para tratar dos temas máis importantes que afectan na actualidade a O Porriño e que poden ser expostos polos dous parlamentarios na Cámara baixa.

Eva García de la Torre, subliñou como “esencial” a eliminación do paso a nivel do tren do centro da vila e obtivo o compromiso dos deputados de expor unha pregunta ao ministro de Fomento, Íñigo de la Serna, en que punto está o estudo e o proxecto da ‘Saída Sur de Vigo’ que contempla a eliminación do paso ferroviario polo centro do concello. Meijón e Galovart insistirán, ademais, na inclusión dunha partida orzamentaria para acometer esta iniciativa nos vindeiros Presupostos Xerais do Estado para 2017.

Neste eido, García de la Torre expuxo a necesidade de que a variante contemple a creación de apeadeiros nos polígonos industriais porriñeses.

A alcaldesa tamén indicou a importancia de que os Presupos-



tos Xerais contemplan a cesión ao Concello do Porriño do treito da estrada N-120, ao seu paso pola parroquia de Cans. Neste sentido, Eva García de la Torre insistiu na necesidade “irrenunciábel” de que a devandita cesión sexa coa correspondente partida orzamentaria para acometer a humanización correspon-

dente de xeito que “esta zona pase a ser unha rúa máis da vila”.

Eva García de la Torre tamén pediu aos deputados que preguntasen ao Goberno cal é a evolución do número e contía das multas que se puxeron na popularmente coñecida como ‘Autovía Vigo-O Porriño’ entre 2010 e 2016.

A rexedora salientou que “xa está ben de ter aos veciños da zona sur da provincia coma petos, so para recadar sen xustificación, cando en Fomento saben que hai que cambiar canto antes o trazado desta estrada para que non se perda nin unha vida nin os cartos dos contribuíntes”.

Festa da Zorza en Pontellas

O vindeiro día 20 de novembro celebrarase a XIII Festa da Zorza na parroquia de Pontellas, O Porriño. Os actos comezaron o pasado luns coa preparación do adobo de máis de 700 quilos de carne de porco, as racións o igual que anos anteriores serán a 6 € que inclúe pan, viño e a exquisita zorza (obsequio de taza de barro).

A organización espera repartir máis de 2.000 racións entre todos os veciños que se acerquen a degustar esta tapa de zorza frita e que se servirá tamén en empanada.

O lugar elixido para a cita gastronómica é o recinto da Asociación do Centro Cultural de Pontellas. A degustación da zorza e da empanada comezará a partir das 11 e media da mañá ata as 2 e media da tarde. En caso de mal tempo haberá unha carpa para o resguardo dos participantes.



A campiona iberoamericana de Xadrez, Karen Zapata, xogou contra 20 xadrecistas ao mesmo tempo

O sábado, día 12, ás 11 da mañá, na Praza de Antonio Palacios, a Mestre Internacional e gañadora do título iberoamericana de Xadrez, a peruana Karen Zapata, enfrontarase a 20 xadrecistas ao mesmo tempo, unha proba de capacidade e resistencia ao alcance de poucos deportistas.

Ao tempo que opta ao título de Grande Mestre, Karen, residente en Galicia, casada cun galego e nai de dous rapaces, quere axudar a desenvolver este deporte no Porriño, onde a Concellería de Educación puxo en marcha unha importante iniciativa para que rapazas e rapaces da vila se acheguen e gocen do xadrez.

Coma sinala esta deportista, a práctica do xadrez “ensina a exercitar a mente, a razoar, é un estupendo desafío psicolóxico que prepara e axuda na vida diaria”. Karez Zapata subliña que o xa-

dreiz pódese aprender, non é preciso ter unhas condicións especiais e determinadas para xogar, iso si, “require meditación, ilusión, coma calquera actividade que se inicia, e adestramento físico para poder afrontar partidas de 6, 7 ou 8 horas diante dun taboleiro sen perder a concentración ou acusar o esgotamento”.

Pola súa banda, a alcaldesa, Eva García de la Torre, e a concelleira de Educación, Lourdes Moure, lembraron que esta é unha nova iniciativa do Programa Municipal, no que xa participaron máis 150 rapazas e rapaces, e que ao tempo segue a desenvolver o proxecto educativo ‘Xadrez nas Escolas’, aprobado en 2012 polo Parlamento Europeo co obxectivo de impartir o xadrez coma materia e achegar o xogo ciencia no eido local.



Poda de árbores municipais

A Concellería de Limpeza, que dirixe Orlando Márquez, iniciou a finais de outubro os traballos de poda das árbores de titularidade municipal en todo o concello, unha labor que, daccordo coas previsións iniciais, debería de estar rematada neste mes de novembro.

O Concello ten programado realizar dúas veces ao ano as actuacións nas árbores do Porriño pero, tendo en conta o elevado número deles, máis de 3.500, dase prioridade a aqueles nos que é máis urxente a poda, tendo en conta que presenten problemas de roturas das polas, que ao medrar empezasen a afectar a fachadas e balcóns e aqueles que estean xa secos ou empezasen a torcerse.

O PORRIÑO

O Concelleiro Marcelino Coto fala de riscos laborais diante do clúster do granito

O concelleiro de Industria, Comercio e Medio Ambiente, Marcelino Coto, participou este xoves na xornada técnica sobre o 'Desenrolo e mellora da prevención de riscos e técnicas de prevención no campo da pedra natural', organizada polo Cluster de Granito de Galicia.

Coto, lembrando a súa longa experiencia profesional, subliñou a necesidade de facer da prevención dos riscos laborais un dos "puntos centrais" da xestión dos recursos humanos das empresas, unha idea que sempre insistiu en coidar durante a súa carreira.

O concelleiro felicitou ao Clúster do Granito por facer que os obxectivos da xornada xirase ao redor desta idea e a súa aposta pola promoción da cultura da prevención, o coñecemento das



mellores prácticas no sector ou a promoción da prevención na xestión laboral do día a día.

Ao longo do día, ademais, os especialistas que interviron no mesmo, como Luís García Florido, da Xefatura

provincial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, ou Gabriel Miguel Rubio, xerente de Recursos Humanos da Levantina, abordaron outros aspectos como as mellores técnicas no sector da maquinaria na pedra.

Empeza en Torneiros un curso de torneiro-fresador

A Concellería de Emprego ven de poñer en marcha, logo dun longo e dificultoso proceso, un 'Curso de Torneiro-Fresador' de 100 horas de duración, que empezará este mesmo mércores, día 16 de novembro, e rematará o vindeiro 21 de decembro.

Coma sinala a concelleira, Soledad Girón, o curso de Torneiro-Fresador é, sen dúbida, o máis demandado, tanto é así que so foi posible atender 12 das máis de medio cento de solicitudes presentadas, "polo cal xa estamos proxectando facer outro nos vindeiros meses".

Os asistentes a este curso, organizado integramente polo Concello, que se impartirá no Multiusos de Torneiros de 4 e media da tarde a 9 da noite, terán 70 horas teóricas, os luns, mércores e venres, e 30 horas prác-

ticas, os martes e xoves, nunha empresa radicada no Porriño.

Ademais, dende o pasado día 10, organizado tamén pola Concellería de Emprego e impartido por persoal especializado da Fundación Laboral da Construción, deu comezo un curso sobre Prevención de Riscos Laborais.

No mesmo, que terá unha duración total de 60 horas, ata a súa finalización o 15 de decembro do mes que ven, participan 25 alumnos, que reciben a formación, tamén no Centro de Torneiros, de 9 da mañá a 2 da tarde.



O BNG do Porriño demanda a transferencia da AP9 e a súa liberación de peaxe para facela "útil"

Para o BNG do Porriño a transferencia da AP9 á Xunta de Galiza e a súa liberación de peaxe son cuestións indispensábeis para que esta infraestrutura sexa realmente útil. O voceiro municipal, Pedro Pereira, denunciou que o tramo Vigo-O Porriño está infrautilizado por causa das peaxes, o que impide que a vila e a súa contorna teñan unha axeitada conexión por estrada, o que incide negativamente a nivel socioeconómico.

Pereira mantivo, canda o deputado do BNG no Parlamento galego, Luís Bará, un encontro con representantes da asociación de comerciantes do Porriño (ACIPOR), os parques empresariais da Granxa e das Gándaras do Porriño, e da asociación de transportes de Pontevedra (Ase-transporte).

Na xuntanza explicaron a iniciativa política que está a desenvolver o BNG destinada a lograr a transferencia da AP9 para que pase a ser titularidade



de Xunta, co obxectivo, entre outros, de liberar a autoestrada das actuais peaxes. Neste senso, o voceiro municipal, deulle conta aos representantes empresariais e comerciais, da mo-

ción que o BNG levou ao pleno celebrado onte. Dita moción contou co apoio dos grupos da corporación, agás o PP que se abstivo. Abstención que rompeo o consenso político acadado no

Parlamento de Galiza en defensa da iniciativa lexislativa para reclamar a transferencia da titularidade e competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galiza, nos termos aprobados polo

Parlamento de Galiza.

Desde o Bloque defenden que é estratéxico que Galiza poida decidir sobre a principal vía de alta capacidade do país. Demandan que a Xunta tome o control sobre esta infraestrutura "para rematar coas deficiencias na súa xestión, as tarifas abusivas e mesmo que sexa empregada como obxecto especulativo por parte de grandes fondos de investimento dados os altos beneficios que xera, a custa do peto de sufridos usuarios e usuarias, co modelo de xestión que ten a administración central da AP-9".

O encontro realizado esta mañá no Porriño inscíbese nunha campaña inicial coa que a fronte nacionalista quere sumar o maior apoio social e institucional á demanda da transferencia e gratuidade da AP9, instando aos grupos políticos con representación no Congreso a aprobar a proposición de lei remitida por acordo unánime do Parlamento galego.

LOURIÑA

O PORRIÑO

A Xunta está disposta a ceder ao concello a titularidade das rúas Bos Aires e Progreso

Alcaldesa do Porriño, Eva García de la Torre, e o tenente de alcalde e concelleiro de Vías e Obras, Manuel Carrera, mantiveron en Vigo unha xuntanza coa conselleira de Infraestruturas e Vivenda en funcións, Ethel Vázquez, para tratar da cesión por parte da Administración galega ao Concello do Porriño das rúas Bos Aires e Progreso.

Á finalización da reunión, a alcaldesa sinalou que atopou boa disposición por parte da conselleira para que estas dúas rúas, que están “no mesmo casco urbano da vila” pasen a ser de titularidade municipal. De feito, engadiu Eva García de la Torre, a Consellería xa ten o proxecto que elaborou o Concello para as dúas rúas e, en base ao mesmo, haberá, axiña, unha nova xuntanza de trabalo na que se analizará o mesmo polo miúdo.



As dúas partes están de acordo en que a cesión das rúas se faga ou ben coa correspondente dotación orzamentaria para acometer as melloras que precisan: novo alumeadado, substitución do saneamento, canalización de auga, beirarrúas e cambio do firme, ou ben con todas estas

obras xa rematadas.

Neste eido, o tenente de alcalde lembrou que na actualidade, o Consorcio de Augas do Louro está a realizar en Bos Aires e Progreso distintas reformas que eran inaprazábeis a causa do estado das tubaxes que sofren constantes roturas.

O IES Pino Manso celebra o seus 50 anos

Alcaldesa, Eva García de la Torre, o tenente de alcalde, Manuel Carrera, e os concelleiros Marcelino Coto, Lourdes Moure e Orlando Vázquez, acudiron aos actos centrais da celebración do 50 aniversario do Instituto de Ensino Secundario (IES) Pino Manso.

Coa presenza da maioría dos preto de 500 alumnos e 50 profesores do centro, ademais de descubrirse un monolito no que se fai referencia a este medio século de vida do mesmo, o seu director, en nome de todo o claustro, lembrou a “todos aqueles que hoxe non están entre nós e que deixaron a súa pegada neste instituto”.

Juan Aguilar amosou o seu orgullo por estar “dun equipo coma o que formamos”,

e que, salientou, abrangue ás alumnas e alumnos, aos profesores, e ao persoal non docente, que fan posible non só que o Pino Manso sexa unha referencia para moitos das veciñas e veciños do concello, senón que forme parte da propia historia do Porriño.

Pola súa banda, a alcaldesa, logo de agradecer a invitación para acudir á celebración deste cumpreanos “tan especial porque aquí estou vendo ao futuro da nosa sociedade, non só do Porriño”.

Estou segura, concluíu a rexedora, de que “levaredes con vós todo o aprendido e todo o vivido aquí” e asegurou que “institucións como este instituto son esenciais para “demostrar a sociedade e axudan a crear homes e mulleres libres”.



Instaladas 11 novas caldeiras de pellets

O Concello do Porriño instala, ao mesmo tempo, 11 novas caldeiras de pellets en distintas dependencias municipais.

Dous delas empezarán a funcionar no propio Concello, 3 no Pavillón de deportes- unha delas para proporcionar auga quente á piscina e outra para o sistema de auga quente e fría do resto do emprazamento; outras dous nos vestiarios do Campo Municipal do Lourambal, e nos campos do Pon-

tellas, do Carballo, en Atios, no Campo do Budiño e nas instalacións deportivas do Polígono Industrial de A Granxa.

As novas caldeiras cumpren co dobre obxectivo de reducir as emisións de CO2 nun 40% e acadar un aforro enerxético do 50%.

O orzamento, de 217.176,85 €, ven dunha subvención solicitada á Consellería de Economía, Emprego e Industria, que permite asumir o custo de 78.141,80 € para a colocación das novas cal-

deiras de Piscina e Pavillón Municipal, 54.667,80 € das do Concello, 27.091,9 € do Campo do Lourambal, 15.246€ do Campo das Reloas, 14.937,45€ do Campo da Granxa, 13.545,95€ do Campo de San Campio e a mesma cantidade para o Campo do Carballo.

Asimesmo, neste mesmo mandato, e aproveitando as axudas da Deputación e o IDAE, se completará o cambio das caldeiras do Campo de Fútbol do Mosende e dos distintos centros culturais.

www.novasd
eixoatl
antico.
com

kidea
agasallos personalizados

Tel. 986 659 430
Rúa Rosalía de Castro, 107
SALVATERRA DE MIÑO

Abzi
PUBLICIDAD

arte na publicidade

SALCEDA DE CASELAS

Salceda desactiva máis de 70 niños de vespa velutina

O Concello de Salceda de Caselas informa da desactivación de máis de 70 niños de vespa velutina no territorio do municipio, grazas á acción dun grupo de voluntarios coordinados pola Concelleira de Medioambiente Carla Pérez. É a propia veciñanza a que comunica ao Concello a existencia de niños en diversos puntos, pasando entón a actuar o grupo de voluntarios. Lévanse desactivado niños en vivendas, fachadas de edificios, recintos escolares e en diversos puntos de Salceda.

No presente ano tense detectado un incremento poboacional de vespa velutina en Salceda, en comparación cos datos do ano pasado. Lembran dende o Concello que os principais perigos son o ataque ás poboacións de abellas autóctonas, así como os riscos para a seguridade cidadá, fundamentalmente nos casos de persoas alérxicas ás picaduras.

Ademais do material proporcionado pola Xunta de Galicia, o equipo de Salceda desenrolou os seus propios medios, conseguindo unha pértiga moito máis



lixeira e que lles facilita en gran medida o traballo, xa que hai que lembrar que son moitos os niños que se atopan a gran altura, o que fai máis complicado o acceso aos mesmos.

O grupo reúne nas tardes dos martes, desactivando unha media de seis niños por xornada. As parroquias máis afectadas son Soutelo, Santa María e Picoña, nas que se precisou un maior número de intervencións. Así mesmo, préstase especial atención ao casco urbano, así como a zonas de máxima urxencia por ser fre-

cuentadas por nenos/as, persoas maiores, ou persoas alérxicas.

O Concello de Salceda agradece enormemente o traballo levado a cabo por este grupo de voluntariado, sen o cal sería imposible manter a poboación de vespa velutina controlada. Lembran que a Xunta de Galicia non fixo os seus deberes neste tema dende o primeiro momento, ata rematar derivándolles o problema aos Concellos, que se teñen que buscar a vida para solucionalo co escaso material que se lles aporta.

Abel Losada visita Salceda para coñecer a problemática da Estrada P0511

Despois de que o grupo municipal socialista conseguise sacar adiante no último pleno unha moción para instar á Xunta de Galicia a que instale puntos de luz na P0-511 (antiga PO-510) ó seu paso polo termo municipal de Salceda de Caselas, hoxe o Deputado galego visitou a zona.

Abel Losada, xunto coa voceira socialista e compañeiros da agrupación local, visitaron varias zonas da estrada, onde a falta de iluminación provoca, entre outros, problemas de visibilidade para os condutores e tamén para os veciños e veciñas que camiñan con inseguridade a diario polas vías de servizo paralelas a esta estrada.

Neste senso, o deputado explicou, que no día de onte o grupo parlamentario socialista presentou unha proposición non de lei sobre este tema no Parlamento Galego. Na mesma, ademais de solicitar a instalación de puntos de luz nesta estrada, o grupo insta a que a Xunta de Ga-

licia desenvolva un Plan Autonómico de mellora das condicións de seguridade das estradas de titularidade autonómica.

Na súa opinión, Losada incide en que “as drásticas políticas de recortes que o goberno do Partido Popular ven de desenvolver dende 2009 ata a actualidade, ten afectado a múltiples aspectos das condicións e calidade de vida dos cidadáns, en moitos ámbitos, un dos máis relevantes é a política de mantemento e seguridade da rede de estradas de Galicia, cunha caída orzamentaria moi notable”.

Verónica Tourón, voceira municipal, afirma que, “son necesarios investimentos da administración autonómica na seguridade vial e nese ámbito a estrada P0510 que é moi transitada ó seu paso polo noso termo municipal é un claro exemplo de inseguridade, atopándonos sen ningún tipo de alumeado a pesares da proximidade de zonas con elevada densidade de poboación.”



Melloras de aforro enerxético no pavillón

O Concello de Salceda de Caselas ven de levar a cabo a obra de mellora de iluminación no Pavillón de Deportes Municipal, pensada fundamentalmente para lograr un maior aforro enerxético. Así, procedeuse á substitución das vellas lámpadas da pista deportiva, pasando a instalar unhas novas luminarias LED, así como nas pistas

deportivas exteriores, no propio complexo deportivo de Altamira, que agora pasan a contar con este tipo de iluminación moito máis eficiente, subsanando ao mesmo tempo algunhas deficiencias na homoxeneidade da iluminación que se tiñan detectado en ditas pistas deportivas.

A mellora levouse a cabo dentro das subvencións aos proxec-

tos dinamizadores das áreas rurais de Galicia para proxectos de aforro e eficiencia enerxética na administración local 2016, da Consellería de Economía, Emprego e Industria a través do INEGA, financiada con fondos FEADER. Para esta acción, cóntase con un orzamento de 17.726,50 €, dos cales o Concello asume 6.739 €.

Repuestos OJEA
MECANISMO AUTOMATIZADO
Avda. Galicia, 44 Bajo
Salceda de Caselas
Tel: 986 34 33 71
Fax: 986 349 686
repuestosojea@gmail.com

Pizzeria D'Camilo
V.P. Vidal, 25
Salceda de Caselas
Telf.: 986 34 06 61

EMILIO seguros
DECEOS • HOGAR • JUBILACIÓN • AHORRO • ACCIDENTES, ENFERMEDAD
VIDA • COMERCIO • PYMES • COMUNIDADES • R. CIVIL • AUTÓNOMOS • Etc...
telf. información: 609 544 351

VAL MIÑOR

GONDOMAR

Os maiores de Gondomar pasarán o Nadal acompañados.

O Concello de Gondomar abre ata o día 21 de novembro o período para solicitar praza no Programa Xuntos polo Nadal. Con esta iniciativa preténdese que os maiores de 60 anos do municipio pasen as festas do Nadal en compañía.

Entre o 23 de decembro e o 2 de xaneiro do 2017 todos aqueles que formalicen a súa inscrición no programa aloxaranse en réxime de pensión completa na Residencia de Tempo Libre de Panxón. Ademais do aloxamentos en habitacións compartidas na estancia inclúese animación sociocultural para os once días. Esta actividade está dirixida os maiores que pasen o Nadal sós, sean quen de varlerse por si mesmos e non padezan enfermidades que lles impidan a contacto con



outras persoas.

Esta actividade é de balde para todos aqueles cuxos ingresos sexan inferiores o IMPREM (532,51€), de superalos o prezo será de 50€. Os empadroados no Concello de Gondomar os que vai

orientada esta actividade deberán facer a súa solicitude no Departamento de Benestar Social do Concello, sito na Casa da Cultura. Para máis información ou cita previa teñen a súa disposición o teléfono 986 36 01 68.

Gondomar destina 56.000 euros a subvencións.

O Concello de Gondomar publicou hoxe as bases das subvencións de concorrencia competitiva. A Concelleira de Igualdade, Deporte, Xuventude e Cultura, Nuria Lameiro recorda que os case 56 mil euros están destinados o fomento de actividades, a realización de obras e a inversión en material e suministros de asociacións e colectivos cuxo obxectivo sexa cultural, deportivo, social ou comunitario.

Nuria Lameiro confía en que as subvencións se traducan nun mellor desenvolvemento das actividades que levan a cabo as asociacións deportivas, culturais e sociais nas que participan os gondo-

mareños.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 26 de este mes. As persoas físicas poderán entregar a documentación necesaria, dispoñible para descargar na páxina Web do Concello de Gondomar, no Rexistro Xeral. Mentras que as persoas xurídicas, como asociacións, dende a entrada en vigor da lei 39/2015 deberán presentar a documentación de forma electrónica.

Os veciños de Gondomar contan con un punto de información no Concello para as dúbidas que poidan surxir en relación coa tramitación de documentación a través da sede electrónica.

BAIONA

Segundo o BNG-AA o alcalde de Baiona usou o voto de calidade para evitar o consenso

Unha vez máis o BNG-AA tendeu a man e o Goberno municipal decidiu impoñer o seu único e exclusivo criterio, reforzado desta vez polo feito de que o Alcalde de Baiona tivo que recurrir ao seu voto de calidade en varias ocasións.

A ordenanza de terrazas en espazos de uso público provocou que o Goberno Municipal, ante unha complexa situación, decidise encerrarse en troques de mostrar vontade de diálogo e de consenso. O Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas, nun primeiro momento, aceptou o modificación da ordenanza por entender que os informes municipais eran favorábeis e ficaba resolto un vacío legal que podería provocar conflitos no futuro. Unha vez presentada reclamación á mesma, demostrando que a ordenanza podería mellorarse, o Goberno municipal optou por non contar coas forzas políticas da oposición que a apoiaron e presentar unha estimación parcial sin buscar o consenso. Paradóxicamente, a ordenanza reguladora do mercado demostrou que con von-

tade política todos os grupos da Corporación municipal son quen de chegar a acordos e traballar en conxunto polo ben do noso concello.

Así mesmo sucedeu coa declaración institucional polo Día internacional para a eliminación da violencia de xénero. Tratándose dunha cuestión de vital importancia e na que non deben mostrarse fisuras, avanzar cara a súa erradicación e sendo presentada como declaración institucional, o desexábel tería sido mostrar vontade de consenso previo, non presentar nunha comisión informativa un texto e, de seguido, non aceptar as emendas propostas polo BNG-AA e que todos os grupos da Corporación, excepto o Partido Popular, consideraban que enriquecían o texto orixinal. Por isto a declaración institucional, aprobada por unanimidade, ficou sin referencia algunha á creación dun Estatuto do Feminicidio e que a Xunta de Galiza rache os contratos con empresas que non cumpran coa igualdade de xénero.

Do mesmo xeito actuou o

Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas ante a moción presentada polo PSOE baionés en relación á glorietta do peirao na rúa Alférez Barreiro. Xa na comisión do PEPCHAB que tratou inicialmente o proxecto o BNG-AA advertiu que a redución de prazas de aparcamento provocaría conflito, ao que o Alcalde de Baiona respostou que todo non se podía ter. No debate da moción puido evidenciarse que por unha parte o PSOE mantiña unha posición trasladada pola Asociación de Comerciantes e empresarios de Baiona e que o Goberno municipal defendía a postura da Cofradía de Pescadores. Novamente foi o BNG-AA quen solicitou o diálogo, na busca dunha solución acorde ás necesidades de todas as partes. Estas situacións non se producirían si o Goberno municipal actuase con transparencia e contase con todos os grupos municipais e os axentes afectados na toma de decisións. Dificilmente pode buscarse o apoio no Pleno municipal cando propostas conflictivas, previamente advertido que o serían,

non contan con consultas previas.

En relación a todas estas situacións provocadas por falta de vontade negociadora o Bloque Nacionalista Galego – Asembleas Abertas voltou insistir na petición de que se constituía unha comisión de participación veciñal, onde se orixine unha regulación que defina expresamente o funcionamento plenario, a interlocución coa veciñanza e incremento do vencello entre veciños e veciñas coas decisións que lles afectan no ámbito municipal.

Xuntanza con ACEBA

A xuntanza informativa do Goberno municipal con ACEBA á que foron convidados os grupos da oposición, asistindo PSOE e BNG, co fin de explicar a ordenanza de terrazas en espazos de uso público prodúcese tras estar xa esta aprobada.

O BNG-AA lamenta que esta xuntanza chegue tarde, mal, sen vontade de cambio e non contando tan siquiera con todos os colectivos afectados do concello e producíndose ademais a instancias da petición realizada por ACEBA.

Esta reunión, convocada de forma tan urxente, amosa a intranscendencia e preocupación que xerou no colectivo de comerciantes e empresarios.

Concurso de Fotografía no Baiona d'Pinchos

Durante 22 días, do 10 de novembro ao 1 de decembro, poderanse degustar 37 deliciosos aperitivos diferentes elaborados polos 18 locais participantes.

Esta edición do concurso Baiona d'pinchos inclúe como novidade o "1º Concurso de Fotografía Baiona d'Pinchos Mahou", no que se premiará a mellor fotografía aos aperitivos sempre que apareza un botellín de cerveza Mahou. O gañador recibirá 200 euros.

"Baiona d'pinchos" consiste nunha ruta polos locais baioneses participantes co fin de degustar os petiscos ofrecidos ao prezo duns 1,5 euros, ou 2,5 euros se o combinamos cun botello de Mahou, patrocinador do concurso, votando polos mellores pinchos e participando en sorteos.

Para poder votar tense que selar un "pasaporte" en un mínimo de cinco establecementos. O pincho gañador na votación do público levará un premio de 300 euros.

Tomiño presenta o libro “Daniel Calzado Poceiro” do ex-concelleiro nacionalista Lito Oliveira, facendo unha dobre homenaxe

Daniel Calzado foi un dos moitos protagonistas do movemento migratorio do rural galego, que se deu en chamar o éxodo a América”. Con estas palabras comeza o seu relato, Rafael Martínez Calzado, máis coñecido coma Lito Oliveira, quen fora concelleiro polo BNG durante máis de 20 anos, e falecido tristemente o ano pasado tras unha longa enfermidade.

O Concello de Tomiño editou e presentou a obra, no primeiro andar do Mercado Municipal, coa presenza da alcaldesa de Tomiño e membros da corporación municipal, alcalde de Salceda, ademais de persoas convidadas e público en xeral. Unha presenza destacada foi a do neto de Daniel Calzado, José Ramón Calzado, chegado dende Arxentina especialmente para a presentación do libro, xunto á súa muller, Liliana.

O historiador Bieito Alonso foi o encargado, xunto á rexedora local, de presentar o traballo. Ambos tiveron palabras emocionadas para lembrar a figura histórica de Daniel Calzado, e a calidade humana de Lito Oliveira.

Daniel Calzado Poceiro, nado en Tomiño en 1890 e finado en Bos Aires en 1972, foi un político agrarista galego, emigrado a Arxentina e alcalde de Tomiño entre 1931 e 1935.



“Tras unha breve experiencia de traballo dentro da península...decide probar fortuna en Arxentina. Neste país entrou en contacto coa comunidade galega e acadou unha boa posición social e económica. Volveu á súa terra natal, loitou por cambiar a forma de vida dos seus veciños, pelexou contra os caciques e chegou a ser alcalde do seu concello, Tomiño”. Deste xeito o autor goianés compón os primeiros trazos deste emigrante, em-

presario e político tomiñés, nado en Cristelos, parroquia de Barrantes. Daniel Calzado, ao que o Concello decidiu hai uns meses, dedicarlle unha rúa na vila, funda con outros veciños, coma Francisco Rodríguez Otero, a Escola de Emigración “Aurora del Porvenir”.

Vicepresidente do Centro Galego en Bos Aires, membro destacado da Irmandade Galega e do Consello de Galiza, foi coetáneo de persoeiros da talla de Antón

Alonso Ríos ou o mesmo Castelao.

Ao longo de 60 páxinas, Oliveira vai dando a coñecer, nunha linguaxe sinxela e divulgativa a vida e obra de Daniel Calzado dentro e fora de Galicia, achegando tamén fotografías das aquelas épocas.

Rafael A. Martínez Calzado, máis coñecido coma Lito Oliveira, foi portavoz do BNG durante os anos 1987 a 2007 e exerceu como concelleiro de Tomiño durante ese mesmo período. Foi, ademais, un importante sindicalista, que estivo presente en comités de empresa e asociacións como a Comisión Pola Verdade do 36. Adestrador nas categorías inferiores do Goián F.C., apareceu sempre moi vinculado a todo tipo de actividades culturais da zona. Até o seu falecemento, no mes de agosto de 2015, foi presidente da asociación de veciños de Goián.

O Concello de Tomiño quere render homenaxe a Daniel Calzado, pola súa importante labor a prol de Galicia, pero ao mesmo tempo, honrar a memoria de Lito Oliveira, persoa moi apreciada pola sociedade tomiñesa. Tras a presentación da obra tivo lugar o descubremento da placa que dará o nome de Daniel Calzado a unha rúa da vila. Correspondeulle esta honra ao neto do ex-alcalde tomiñés.

Tomiño reforma o salón de plenos para facelo accesible

O Concello de Tomiño inicia as obras de reforma do Salón de Plenos, para facer del un espazo accesible a todas as persoas e dotado de mellores potencialidades.

O actual Salón de Plenos, cuxa reforma afrontarase cunha partida de 200.000 euros procedentes da Deputación de Pontevedra, non se atopa adaptado para persoas con discapacidade funcional ou mobilidade reducida. Unicamente se sitúa ao nivel da planta baixa a zona dos concelleiros, estando o resto do salón a un nivel inferior, non accesible a todos os cidadáns por ningunha das portas existentes.

A superficie do salón rolda os 120 metros cadrados, un terzo, aproximadamente, da superficie total do Concello. Razón pola cal o Concello pretende crear un novo acceso directo, dende a Praza do Seixo (recentemente remodelada tamén), aproveitando a existencia dun calexón de servizo sen uso. Deste xeito, o público que acude aos actos organizados na praza, poderá acceder directamente ao salón de plenos, que a partir da reforma, dedicarase tamén a outros usos, culturais, lúdicos, etc.

A reforma incluírá ademais, a substitución do mobiliario do salón (sillóns do pleno, vitrinas, etc.), antigo e pouco funcional; se procederá a instalar mobles máis funcionais, que permitan o seu desprazamento segundo o uso do que se trate.



BAIXO MIÑO

Tomiño

'Antón Alonso Ríos', nome escollido por votación popular para o instituto de Tomiño

Antón Alonso Ríos é o nome máis votado para bautizar ao IES de Tomiño, que pasará a chamarse IES Antón Alonso Ríos, logo dos resultados escrutados hoxe e previa ratificación do Consello Escolar.

A elección de Antón Alonso Ríos foi apoiada por un total de 1026 votos, o 36% do total de votos emitidos. A participación na votación foi de 2.818 votos, dos que 402 votos foron depositados nas urnas físicas, e 2416 votos se rexistraron polo sistema dixital. A defensora das mulleres e dos movementos do campesiñado Isaura Gómez, foi o segundo nome máis votado, con 967 votos (34%). A terceira candidatura, o mantemento da súa actual denominación IES de Tomiño, foi votada por 825 persoas (29%).

O Concello de Tomiño puxo en marcha un proceso pioneiro en Galicia para a proposta e elección participativa de un nome para o instituto de educación secundaria do municipio. O proceso

comezou en outubro coa recepción de propostas de tódolos cidadáns, que foron seleccionadas por un comité de expertos. En total recibíronse 51 propostas de nomes diferentes, das que o comité seleccionou 5 e o consello escolar do instituto decidiu os tres nomes finalistas que se someteron a votación.

A votación celebrouse durante 12 días (2-13 de novembro), en urnas situadas no instituto e na casa consistorial de Tomiño e tamén a través dun procedemento de votación online.

Antón Alonso Ríos (Silleda 1887 - Bos Aires 1980) foi un mestre e pedagogo intimamente ligado a Tomiño, especialmente na etapa da II República. En Tomiño dirixiu a escola Aurora del Porvenir, onde desenvolveu un modelo educativo innovador, incorporando á educación práctica forestal. O franquismo obrigouno a emigrar a América. Participou na fundación do Consello de Galicia en Montevideo, que presidiu logo da morte de Castelao e ata 1950

O judoka tomiñés Brais Pereira Amorín ouro no Torneo de Avilés

O judoka tomiñés Brais Pereira Amorín participou no Torneo Internacional de Judo que se celebrou en Avilés (Asturias), conseguindo a medalla de ouro na categoría de -81 kg. tras gañar todos os seus combates pola máxima puntuación IPPON, demostrando ser un dos mellores judokas nacionais na súa categoría.

Agora espéranlle próximos compromisos, como a súa participación neste mes de novembro na Copa de España Junior, que se celebra en Amurrio e a Copa de España Senior, que se realiza en Arteixo, no mes de decembro.

Brais Pereira Amorín pertence ao club de JUDO BAIXO MIÑO, aínda que de luns a xoves continúa por terceiro ano consecutivo os seus adestramentos no CGTD de Pontevedra.



Tomiño pon en marcha a Oficina Municipal de Igualdade cun servizo de asesoramento xurídico á muller

O Concello de Tomiño vén de por en funcionamento a Oficina Municipal de Igualdade, cun servizo de asesoramento xurídico. O horario de atención ao público será luns e mércores, de 16.30 a 20.30 horas, nas instalacións dos Servizos Sociais municipais, previa petición de cita no 986 622 002.

A través desta nova oficina, ofrecerase asesoramento e orientación, tanto en asuntos de Dereito de Familia, coma el calquera outro ámbito relacionado coa igualdade, con especial atención ás vítimas de violencia de xénero, mulleres en situación de vulnerabilidade ou con dificultades especiais.

Asemade, darase información sobre recursos existentes, e xestionarase a derivación a outros servizos da Administración, se fora necesario. En colaboración con outros servizos municipais, canalizaranse actuacións que poida levar a cabo o Concello co fin de fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes, e prevención da violencia machista.



Continúa o Outono Cultural de Tomiño

Tras o éxito do mes de outubro, o Concello de Tomiño continúa coa programación de outono con concertos de diferentes tipos de música ao longo de todo novembro.

Perto de 300 persoas asistiron ás seis actuacións teatrais e cinematográficas do mes pasado. Primeiro foi Teatro do Morcego, con Os vellos non deben de namorarse, seguidos de Retrincos de Castelao de Culturactiva; Goon! de Malasombra Teatro; Anriquito do Grupo San Roquiño de Goián. Pecharon o ciclo de teatro Carlos Blanco e Luis Davila, con Menú da noite e Menú do día.

Despois da actuación de Ta-

labarte, o domingo 6, e "Son Brasileño", con Sergio Tannus Trío o domingo 13, o sábado 19 (20.00 horas), os músicos Vaamonde, Lamas e Romero actuarán xunto á Agrupación Musical de Goián, con entrada de balde. Pechará o mes da música, o domingo 27 (19.00 horas), "Deserto de centos". Con Sonia Lebedinsky coa entrada a 6 euros.

Todos os eventos celebraranse no Auditorio de Goián, sendo posible mercar as entradas unha hora antes da función. Paralelamente, segue aberta a exposición A retranca dun país (humor gráfico), de Luis Davila, até o domingo 27 e entrada de balde.



Citanía
Mobiliario & Descanso
Victoriano Pérez Vidal, 13 - Salceda de Caselas
Telf./ Fax : 986 34 06 06
www.facebook.com - info@citaniasalceda.com
www.citaniasalceda.com

Perfumerías & Droguerías
Complementos
Chereve
C/ ALCALDE CASAL ABOY Nº 9 BAIXO TUI
TELF: 986 62 79 80

ElectroGranxa
ALMACEN DE MATERIAL ELECTRICO
Tlf. 986 34 25 56 Fax. 986 34 29 62 electrogranxa@electrogranxa.com
www.electrogranxa.com
Pol. Ind. A GRANXA - Avda. principal - Parcela 239 - Novo 3, 36400 PONTEVEDRA

Tui aposta transforma a beira do Miño para convertela nun polo de atracción turística

O Concello de Tui aposta pola transformación do entorno ribeireño do Miño ao seu paso polo termo municipal garantindo a súa conservación medioambiental e ao tempo para convertendo esta zona nun pólo de atracción turística que axude a revitalizar a economía da zona. No marco deste ambicioso proxecto executouse xa a primeira senda entre a rúa Olímpicos Tudenses e a vella Ponte Internacional.

Esta senda foi visitada esta mañá polo alcalde, Enrique Cabaleiro, e a xefa provincial de Costas, Cristina de Paz, a quen o rexedor tudense quixo

agradecer o seu esforzo para que esta infraestrutura sexa unha realidade. No percorrido estiveron acompañados polos concelleiros de Medio Ambiente, José Martínez Tato, e de Turismo, Laureano Alonso.

A obra foi executada por Costas cun orzamento de 80 mil euros e supuxo unha actuación sobre 286 metros cadrados de senda, realizando 72 metros cadrados de escada xunto a Ponte Internacional para dar acceso á Avenida de Portugal, e se construíron 22 metros lineais de escolleira.

O alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, explicou que a senda visita hoxe ten un carácter simbólico, xa que



supón o inicio da transformación do entorno ribeireño, salientando que era unha actuación necesaria que mellorou de forma notable o acceso dende a rúa Olímpicos Tudenses, onde están situados os clubs de remo, piragüismo e o Centro Interfederado, ata a vella Ponte Internacional.

Dende o Concello trabá-

llase agora en poder realizar sendas fluvial que comuniquen toda a beira do Miño no termo municipal dende o límite con Salvaterra ata Tomiño, proxectos que o alcalde presentou tamén hoxe á xefa provincial de Costas, quen se comprometeu a colaborar na medida das posibilidades do seu departamento.

A tudense Rosa M^a Vila expón a súa obra na Sala Municipal



A tudense Rosa María Vila Iglesias presenta ata o 30 de novembro a súa obra pictórica na Sala de Exposición Municipal na Área Panorámica. A mostra recolle 37 obras en formato pequeno nas que amais dos cadros en plumilla, que a caracterizan, emprega tamén outras técnicas coma óleo e acuarela, mesturándoas entre si. No seu traballo Tui é un dos grandes protagonistas plasmando panorámicas da cidade ou de Randufe, a Catedral, a igrexa de Santa Mariña de

Areas ou a de San Bartolomé, así distintos recunchos da cidade, presenta tamén unha serie de portas pero tamén a natureza é obxectivo do seu pincel, xunto a outros lugares coma o Coliseo Romano ou a Catedral de Santiago. Rosa María Vila Iglesias, de formación autodidacta, ten realizado dende o ano 1998 numerosas exposicións tanto en Tui coma na Guarda, Vigo, Baiona, Valença ou Melgaço.

A mostra pode visitarse de luns a venres de 9 a 21h e os sábados de 10 a 13h.

Avanza o trámite dos expedientes de cara á peonalización do conxunto histórico

Antes de que remate este ano poderá pórse en marcha de forma gradual a peonalización do conxunto histórico de Tui. No departamento de Urbanismo estanse a tramitar os máis de 200 expedientes dos veciños que solicitaron o acceso a esta zona da cidade. Por este motivo dende a concellería de Patrimonio do Concello de Tui solicítase a colaboración da cidadanía para completar este proceso, ao tempo que informa que aqueles veciños desta zona da cidade que non solicita-

ron ata o momento o acceso do seu vehículo a esta zona poden facelo aínda no departamento de Urbanismo.

A concelleira de Patrimonio, Carmen Núñez, explica que o proceso de tramitación dos expedientes esta a ser máis longo do inicialmente previsto, e lanzaba unha mensaxe de tranquilidade xa que a peonalización non se porá en marcha en tanto que todos os veciños teñan o seu distintivo para o acceso a esta zona da cidade. A intención é aplicar a peonaliza-



ción de forma gradual, inicialmente durante as fins de semana, para comprobar o correcto funcionamento tanto das pilonas coma dos dispositivos de acceso. Ao tempo tamén barallan inicialmente permitir aos re-

sidentes o estacionamento pola noite no conxunto histórico mentres non se habiliten outras zonas de estacionamento, cuestión que en parte poderá quedar solucionada coa aprobación do PEPCHA.

DONILO
estilismo propio
C/ Card. Abad, 10 - 36700 Tui - T. 0034 - 986 601 604

PROMOCIONES

21⁵⁰€ (COSTA DE PUÑO)

18⁰⁰€ (VINO)

35⁰⁰€ (BOUTEILLO)

5⁰⁰€ (COFFEE FRAPPE)

12⁰⁰€ (LOVE & SEX)

25⁰⁰€ (UNAS DE GEL)

9⁰⁰€ (COFFEE TONIC)

49⁰⁰€ (SELECCIÓN DE VINOS)

5⁵⁰€ (LOVE & MACHINE)

6⁰⁰€ (COFFEE MARRON)

10⁰⁰€ (VINOS DE VAL)

Cafe - Bar SOEIRAS

Tel.: 986 601 796

Pontevedra 10b - Guillem 36700 - Tui (Pontevedra)

A Taberna Tui

TODOS LOS JUEVES CALLOS E PULPO
A FEIRA PARA COMER O PARA LLEVAR,
TAPAS DE OREJA, ZORZA, ETC...

C/ MARISTAS, 26-TUI TL: 635 612 114

BAIXO MIÑO

A GUARDA

A Biblioteca da Guarda, premiada co galardón María Moliner

A Biblioteca da Guarda acaba de ser premiada no concurso María Moliner, un recoñecemento outorgado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte en colaboración coa Federación Española de Municipios e Provincias como parte da campaña de animación á lectura. Premiase á aquelas Bibliotecas públicas, de municipios de menos de 50.000 habitantes, que presenten os mellores proxectos ou actividades para promover a lectura tanto entre os nenos e xoves, como entre outros

colectivos sociais.

Este certame selecciona ás Bibliotecas de varios concellos a nivel estatal. Na provincia de Pontevedra foron recoñecidas con este galardón as Bibliotecas de 8 concellos, entre elas a Biblioteca da Guarda, que como premio recibirá un lote de 150 libros.

300 novos títulos para a Biblioteca da Guarda

Ademais do premio María Moliner, a Biblioteca da Guarda conseguiu recentemente unha subvención, neste caso conce-

dida pola Xunta de Galicia, que tamén premia o bo facer da Biblioteca na promoción da lectura.

Deste xeito, entre os libros concedidos polo concurso María Moliner do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e a subvención da Xunta de Galicia, a Biblioteca contará nas próximas semanas cuns 300 novos títulos cos que ampliar a súa colección. A catalogación de todas estas novidades realizarase nos próximos meses, momento a partir do



cal os novos libros estarán á disposición de todos os guardeses e guardesas que se acheguen alí.

Un ano máis a Biblioteca da Guarda e a Concellería de Cultura, da que depende, volven a situar á Guarda como un dos concellos, tanto a nivel estatal como galego, que máis apostan

pola cultura e pola promoción da lectura, en especial entre os máis cativos. E o seguirá facendo nos próximos meses con diversas actividades como os Contos Contados, os clubs de lectura, o certame de microrrelatos e proxectos en colaboración cos centros escolares.

Heraldo xa sinaliza a entrada á Biblioteca Municipal

O mural coa representación de Heraldo, a mascota da Biblioteca Municipal da Guarda, xa preside as escaleiras da entrada ao edificio da biblioteca da vila.

Así, a nova mascota da Biblioteca, deseñada por Pablo Coballes e Anxo Sánchez e elixida entre as propostas presentadas ao concurso "Mascota da Biblioteca" celebrado o pasado mes de outubro, dáse a coñecer entre todos os guardeses e guardesas. O mural foi realizado coa axuda da profesora e algún alumno do

curso de pintura organizado polo concello da Guarda, xunto cos creadores do deseño, Pablo e Anxo.

Agora Heraldo, como imaxe da Biblioteca, tamén promocionará a lectura e a Biblioteca da Guarda, que recentemente foi recoñecida polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e pola Xunta de Galicia polo seu bo facer na promoción da lectura entre os nenos e nenas, a xuventude e outros colectivos sociais.

Contos Contados adicado a "Os nosos avós"

O sábado 19 de novembro, celébrase a terceira cita dos Contos Contados na Biblioteca da Guarda. Desta volta, a partir das 11:30 horas, os que se acheguen ata a Biblioteca Municipal poden asistir a unha xornada adicada a homenaxear aos avós.

Tras o primeiro "Contos Contados" desta tempada, que serviu para presentar a Heraldo, a recentemente elixida mascota da Biblioteca, e a segunda sesión, polo día de Samaín, esta terceira

céntrase na inesquecible figura dos avós.

Nela poderán asistir á intervención da Avoa Carmen e, despois, participar nun obradoiro no que realizarán un agasallo para poder darllo ós avós e avoas.

A programación dos Contos Contados se estenderá ata o fin de curso e continuará o vindeiro mes de decembro, concretamente o sábado 17, cunha data moi especial centrada, como non podía ser doutro xeito, no Nadal.

A Guarda

Xornadas Afterworks para o comercio local

A Casa dos Alonsos acolle durante catro xoves consecutivos, do 27 de outubro ao 17 novembro as xornadas "Afterwoks" dirixidas a profesionais do Sector do Comercio.

Nas tres primeiras sesións contaron en cada unha, como ponente, con un representante dunha destas tres empresas: Frutas Nieves, Cervezas Nós e Don Disfraz, co obxectivo de contar a súa experiencia para que logo os asistentes poideran abrir un debate, sacar conclusións e extrapolar ideas para levalas aos seus negocios.



Para rematar esta iniciativa o día 17 de novembro haberá unha Mesa de Traballo para debatar ideas e conclusións extraídas destas ponencias, nunha sesión de "Brainstorming e presentación de iniciativas innovadoras no Pequeno Comercio". Todas estas sesións se realizarán na Casa dos Alonsos ás 20,30 horas.

A OMIX da Guarda organiza un obradoiro gratuíto de Empaquetado creativo o 2 de decembro

Coas datas do Nadal cada vez máis próximas, a OMIX da Guarda quere axudar a todos os que desexen darlle ós seus agasallos un toque especial.

Con este obxectivo, a OMIX organiza o vindeiro venres 2 de decembro un obradoiro gratuíto, que se realizará pola tarde das 19,30 ás 21,30 horas. Neste se ensinará ós asistentes a facer

empaquetados creativos realizados por nós mesmos, dando ideas coas que poder sorprender a familiares e amigos.

O obradoiro conta con prazas limitadas. Para inscribirse ou para obter máis información poden dirixirse á oficina da OMIX no concello da Guarda en horario de mañá ou facer a súa consulta a través do Facebook ou do teléfono 986614546.

5 barferencias de inverno

Tras a boa acollida recibida nas anteriores edicións desta iniciativa e como vén ocorrendo nos últimos anos, o inverno trae de novo as barferencias ás cafeterías e bares da Guarda. Durante os meses desta estación, haberá unha serie de charlas de diferentes temáticas en diversos locais da vila.

A inauguración da tempada das barferencias de inverno 2016/17 terá lugar na cafetería Barros o vindeiro venres 18 de novembro ás 20'30 horas. Nesta primeira sesión a charla estará ao cargo do arqueólogo Gustavo Pascual Hermida e tratará o tema de "A minería de ouro nas serras da Groba e Argallo".

Neste nova tempada contaremos cun total de 5 barferencias, que se completan nas seguintes datas: o 16/12/16 na Cafetería Alameda: "Oia, o Císter e a nova milicia", ponente: Javier Costas Goberna; o 20/01/17 en La Casilla: "100 anos do museo do monte", ponente: Miguel Villa; o 17/02/17 en Celtic Harp: "A cidade dos nenos", ponente: Mónica Martínez Baleirón; o 17/03/17 en O Forte: "Un mundo de madeira: a xestión do bosque e do monte polas comunidades da Idade do Ferro", ponente: María Martín Seijo.

A Concellería de Cultura da Guarda quere animar a que todo o que o desexa acuda a estas interesantes charlas, unha maneira amena de aprender e divertirse nun entorno agradable e cálido para estes meses de frío.



BAIXO MIÑO

A Guarda

Entrega dos premios do “Concurso Día Mundial do Turismo” de fotografía



O concello da Guarda acolheu o día 7 de novembro a entrega dos galardóns ós premiados do “Concurso Día Mundial do Turismo”. Este certame, organizado dende a Concellería de Turismo da Guarda, conmemora o Día Mundial do Turismo, celebrado o pasado 27 de setembro, á vez que promove a creatividade no ámbito da fotografía e tamén pon en valor os recursos naturais, patrimoniais e atractivos turísticos da vila.

A este acto acudiron o alcalde da Guarda, Antonio Lomba; a concelleira de Turismo, Montse Magallanes; o primeiro premiado, Francisco Javier González Fernández, de Vigo; e unha persoa en representación de Tatiana Soynikova, da Guarda, que recibiu o

terceiro premio. O segundo premiado, Salvador Linares Fernández, non puido acudir, dado que reside en Valencia, pero xa se puxo en contacto co concello para expresar a súa alegría polo recoñecemento.

Durante o discurso previo á entrega dos premios, o alcalde da Guarda deu os seus parabéns ós premiados, comentou as tres imaxes e destacou o curioso feito de que as tres fosen imaxes do Porto. De feito, das 33 obras presentadas a concurso, a gran maioría, 20 fotografías, eran do Porto. Do resto, había imaxes de praia, do Castelo de Santa Cruz, do Estuario, das alfombras do corpus e doutros lugares da vila.

Pola súa banda, a concelleira



1º Premio

quixo amosar a súa satisfacción pola participación e o nivel das obras presentadas polos participantes, un total de 9 autores dos que 5 eran da Guarda, 2 de Nigrán, 1 de Vigo e outro de Valencia.

A continuación, o alcalde e a concelleira fixeron entrega dos premios, que consistían, para o primeiro premiado, nunha estancia de 7 noites no Aparthotel Marouco; o segundo premio, nunha estancia de 7 noites no Camping

Santa Tecla; e o terceiro, unha cena para dúas persoas no Restaurante Casa Chupaovos. Ademais, tamén recibiron un diploma e un pequeno detalle feito a man.

Por último, o alcalde agradeceu a Juan Castro, do Restaurante Chupaovos e a Jose Coello, dono do Aparthotel Marouco e do Camping Santa Tecla, a súa colaboración.

Durante o distendido acto, tanto os participantes como as autoridades e hostaleiros presen-

tes coincidiron en que A Guarda é un lugar único pois, a pesar de ser unha vila pequena, ten unha gran variedade de paisaxes e lugares fermosos e moi distintos. Isto fai difícil plasmar o que representa a Guarda nunha soa imaxe. Non obstante, a calidade das tres imaxes premiadas fixo que foran as elixidas para representar á Guarda e protagonizar as próximas campañas turísticas do concello.



2º Premio



3º Premio

Ponteareas organiza unha xornada e varias actividades contra a violencia machista

A Concellaría de Igualdade e Benestar Social realiza unha programación adicada á loita contra a violencia machista durante o mes de novembro.

Na mañá do sábado 12 expertos de diferentes ámbitos, tanto psicolóxico, coma policial ou xudicial afondaron na problemática na sala multiusos do Auditorio.

A inauguración das Xornadas da Muller 2016 contaron coa presenza da presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, a deputada provincial de Igualdade, Isaura Abelairas, o alcalde de Ponteareas, Xosé Represas, e a concelleira de Igualdade e Benestar Social, Verónica Carrera.

Ademais das xornadas, o venres 18 de

novembro ás 18.00 horas no ximnasio do CEIP Nosa Señora dos Remedios haberá unha obradoiro de defensa persoal.

O día 25 de novembro, día contra as violencias machistas terá lugar un acto institucional ás 12.00 horas no salón de plenos do Concello de Ponteareas e darase lectura do manifesto elaborado polos alumnos de 1º de Bacharelato dos Centros de Ensino Secundario de Ponteareas. Deseguido, haberá unha actuación do alumnado do Conservatorio Municipal de Música Reveriano Soutullo.

Pola tarde, ás 17.00 horas, farase entrega dos premios aos gañadores do II Concurso de Debuxos contra a Violencia de Xénero no salón de plenos.



Nº Reg. Sanitario E-36-000038

Óptica mahen

Senén Canido 4 - PONTEAREAS

Ópticos desde 1939

NOVAS DA RAIA

Intercâmbio de visitas escolares gratuitas aos espaços museológicos de Caminha e Cerveira



Vila Nova de Cerveira e Caminha formalizaram o processo de intercâmbio de visitas escolares gratuitas aos espaços museológicos dos dois concelhos, dando assim início a uma programação lúdico-pedagógica conjunta que também agrega Melgaço. A assinatura do protocolo de colaboração mútua contou com os autarcas Fernando Nogueira e Miguel Alves, acompanhados dos respetivos Vereadores da Educação Aurora Viães e Rui Fernandes. Como objetivo de dar a conhecer os museus de referência entre municípios vizinhos, a Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira avançou com a constituição uma parceria intermunicipal com Caminha e Melgaço na área da educação, visando a promoção da qualidade da aprendizagem das crianças e jovens, com a programação de visitas escolares gratuitas a vários espaços dos três concelhos.

Durante a assinatura do protocolo entre Cerveira e Caminha, os dois autarcas, Fernando Nogueira e Miguel

Alves, foram consensuais sem reforçar a importância dos municípios não adotarem posições de concorrência entre si, mas de apostarem na cooperação em prol de uma oferta mais diversificada de condições e acessos, contribuindo para a melhoria da qualidade de vida das respetivas populações. “Temos as nossas semelhanças, mas também aspetos diferenciadores em cada concelho. Acredito que a região, no seu todo, tem de desempenhar um papel interventivo na promoção e oferta das mais diversas vertentes, mais ainda quando se trata da melhoria das práticas pedagógicas e de um crescente envolvimento da comunidade educativa”, assegura Fernando Nogueira. Na prática, o presente protocolo visa criar condições para que os alunos do pré-escolar e do 1º ciclo dos concelhos de Caminha e de Melgaço possam explorar, de forma concertada e gratuita, o Aquamuseu do rio Minho e os Moinhos da Gávea, localizados em Vila Nova de Cerveira e, em contrapartida, as crianças cerveiren-

ses a frequentar os mesmos níveis de ensino usufruam de uma visita à Torre do Relógio e ao Centro de Interpretação da Serra d'Arga, em Caminha e, por Melgaço, contactem de perto com o Núcleo Museológico da Torre de Menagem, as Ruínas Arqueológicas da Praça da República, o Núcleo Museológico de Castro Laboreiro, o Museu de Cinema de Melgaço – Jean Loup Passek, o Espaço de Memória e Fronteira e a Porta Lamas de Mouro. Após a assinatura entre as entidades envolvidas, o protocolo entra em vigor, sendo que cada agrupamento de escolas deve elaborar uma programação das visitas que pretenda efetuar para, posteriormente, dar conhecimento desse plano de atividades às entidades responsáveis, de modo a preparar a logística necessária para a sua concretização. As visitas escolares a estes espaços referenciados em cada concelho podem ocorrer durante o ano letivo, mas também durante as pausas letivas mediante calendarização previamente acertada.

Município apoia novo serviço de valorização do setor turístico

Considerando o Turismo um setor estratégico para o desenvolvimento do concelho, o Município de Vila Nova de Cerveira tem estabelecido uma colaboração permanente e dinâmica com a APHORT, no sentido de dotar os agentes turísticos locais de todas as condições necessárias para o melhor desempenho das suas funções e consequentemente na promoção do concelho.

A criação do Gabinete Local de Apoio ao Associativismo no Turismo – Vila Nova de Cerveira para empresários ou investidores dos setores da Restauração e Bebidas, dos Empreendimentos Turísticos e do Alojamento Local foi divulgada, esta terça-feira, pela gestora da APHORT e coordenadora do projeto, Drª. Daniela Ca-

rreras, durante a sessão de trabalho dinamizada pela APHORT, na qual esteve presente a Vereadora Aurora Viães, e cerca de 30 empresários/gerentes dos setores referidos.

Sendo pioneiro a nível do distrito de Viana do Castelo, este é um novo serviço de apoio e de cooperação para a instalação e funcionamento dos estabelecimentos devidamente integrados no complexo quadro legal e regulamentar. Presta também informação relativa a sistemas públicos de apoio, de estímulo e de incentivo ao investimento, ao emprego e à atividade das empresas em geral; e promove a valorização e qualificação dos que trabalham no setor.



Orçamento Participativo 2016 em Cerveira com número recorde de votantes

Já são conhecidos os quatro projetos vencedores do Orçamento Participativo (OP) 2016 de Vila Nova de Cerveira - vertente Geral e Jovem.

A segunda edição do OP de Vila Nova de Cerveira fica marcada pela qualidade das ideias apresentadas pelos 12 proponentes associada ao empenho na sua divulgação e incentivo à participação, como também pela quantidade de votantes no processo. A participação superou as expectativas e os valores de 2015 (934 registos), com 3400 residentes e trabalhadores de Vila Nova de Cerveira a exercerem uma cidadania ativa e a escolherem o destino a dar aos 100 mil euros que o Município alocou para esta ini-

ciativa.

Assim, na vertente do OP Geral, a proposta ‘Socorro Eficaz - Rio Seguro’, que visa a aquisição de uma embarcação e respetiva formação para socorro no rio Minho afeta aos Bombeiros Voluntários de Vila Nova de Cerveira foi o projeto mais votado (1348 votos), seguindo-se o projeto ‘Valorização do Couço do Monte Furado’, em Covas, com 1134 votos. E, em terceiro lugar, com 1034 votos, ficou a ‘Aquisição de Carrinha para Transporte de Crianças/Atletas do Clube Desportivo de Cerveira’. Cada uma destas propostas vencedoras vai receber 30 mil euros para que os projetos apresentados sejam uma realidade em 2017.

Os cidadáns de Tomiño e Cerveira poderán escoller tres proxectos para ser realizados conxuntamente

A partir do 10 de novembro e durante un mes, se inicia unha novidosa experiencia de cooperación co lanzamento do primeiro orzamento participativo de carácter transfronteirizo.

Mediante este proceso de participación os cidadáns de Tomiño e Vila Nova de Cerveira poderán escoller mediante votación telemática, tres proxectos de cooperación (a realizar ao longo de 2017) de entre seis, redactados no marco da Axenda de Cooperación Transfronteiriza Cerveira-Tomiño.

Son seis os proxectos presentados para que cerveirenses e tomiñeses, maiores de 18 anos e electores nos concellos, poidan escoller os tres preferidos, un por cada categoría.

En Educación, as propostas a escoller son a realización da Semana da Comunidade Educativa Cerveira-Tomiño 2017 ou o 1º Campus Deportivo e Educativo Cerveira-Tomiño.

En Cultura, se poderá elixir entre a organización da Festa Amizade Cerveira-Tomiño ou a realización do Encontro de Creatividade Cultural e Musical do Miño.

Finalmente, en Acción Social, se poderá optar pola elaboración dun Programa de Voluntariado de Apoio á Inclusión Social Infantil e Xuvenil ou a dun Programa transfronteirizo para a información, apoio e visibilidade das problemáticas de accesibilidade.

As fichas explicativas dos pro-

xectos figuran nunha páxina web creada expresamente para esta votación denominada www.participacerveiratomiño.eu

O proceso de votación é simple: trátase de entrar na páxina www.participacerveiratomiño.eu e rexistrarse con nome, apelidos e número de DNI; premer en "Participa", seleccionar un proxecto por cada categoría e votar.

O período de votación é dun mes, rematando o día 10 de decembro. A presentación dos tres proxectos máis votados está prevista o día 12 de decembro.

Os proxectos de cooperación q son o resultado da actividade desenvolvida durante varios meses polos grupos de traballo transfronteirizos (áreas de Educación, Cultura e Acción Social), nos que participaron unhas 40 entidades e persoas de ambas marxes; un traballo longo e concertado, desde o inicio do ano, enfocado á definición de prioridades e estratexias comúns.

O Orzamento Participativo Transfronteirizo Cerveira-Tomiño (OPT) é un proxecto pioneiro na Eurorrexión Norte de Portugal/Galicia, que ten coma obxectivo involucrar aos cidadáns dos dous concellos veciños, na formulación de solucións para necesidades comúns. Dotado de vinte mil euros (20.000€), financiados ao 50% polas dúas entidades locais, servirá para costear os proxectos acometidos conxuntamente, tras a votación popular.

Máis de 100 parellas participarán no III Trofeo de Baile Deportivo Eurocidade Tui-Valença



Máis de 100 bailaríns participarán o III Trofeo de Baile Deportivo da Eurocidade que nesta ocasión celebrárase o domingo día 20, de 12.00 a 20.00 horas no novo Pavillón Municipal de Tui. O trofeo disputarase nas modalidades standard (vals inglés, tango, vals vienés, slow fox e quickstep), latina (samba, cha-cha, rumba, pasodobre e jive), bailes caribeños (salsa, bachata e merengue) e danza coreográfica (baile deportivo e en grupos).

Cada bailarín participará no

grupo de idade (xuvénil, junior, youth, adulto e senior) e categoría (iniciación -H,G,F-, territorial -1ª e 2ª-, C, B, "A" nacional e "A" internacional).

Como novidade, e co obxectivo de potenciar as competicións e a creación dunha clasificación común entre Galicia e o Norte de Portugal creouse un "Circuíto Ibérico" no que participarán máis de 80 bailaríns de Galicia e Portugal.

Trátase polo tanto dun evento "espectacular" nas palabras do seu director, Miguel

Abreu, quen ademais lembrou que o baile deportivo "é un deporte regulado por unha federación propia e firme candidato a estar nos Xogos Olímpicos nun futuro".

O prezo xeral da entrada será de 6€, namentres que os menores de 12 anos teñen acceso de balde e os maiores de 65 pagarán 4€. O III Trofeo de Baile Deportivo da Eurocidade Tui-Valença está organizado polo Club de Baile Deportivo Pasos - Baile Galicia en colaboración coa Eurocidade.

REFORZO ESCOLAR · IDIOMAS · TÉCNICAS DE ESTUDO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA · TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS
CENTRO DE ESTUDOS

MATRÍCULA
GRATUITA

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

ENTRADA GRATUITA

Reveriano Soutullo, 3 - 1º B
654 07 57 51

Procesos limitados.
INSCRIBETE NO TELEFONO 654 075 751
HENRE 30 DE MAIO, AS 6 DA TARDE

CONTAACONTOS
XORNADAS BILINGÜES (inglés-galego)

As 5ª Xornadas Soutullo aborda o papel da muller na música ata o primeiro terzo do século XX

O Conservatorio de Ponteareas acollerá os vindeiros 19 e 20 de outubro unhas xornadas en memoria do compositor ponteareán. A quinta edición da Xornadas Soutullo é un simposio de musicoloxía, organizado pola Fundación Reve-

rano Soutullo, coa colaboración do Concello de Ponteareas e da Xunta de Galicia.

Unha fin de semana dedicada nesta ocasión ao papel da muller na música ata o primeiro terzo do século XX, amais dun dos músicos máis sobranceiros da vila. Reve-

rano Soutullo chegou a lograr o prestixio internacional e a súa obra "Amores de Aldea", que ten máis de cen anos, unha zarzuela estreada en Madrid o 16 de abril de 1915, chegou a cruzar o Atlántico, sendo interpretada en Cuba ou Arxentina.

SÁBADO 19 NOVEMBRO

O papel da muller na música ata o primeiro terzo do século XX

Coordina: Rafael Pérez Dopazo

10:30h Presentación do V Simposio.

11:00h Lorena López Covas. A presenza invisible: a proxección musical da muller no século XIX en Galicia.

11:50h Rosario Martínez Martínez e Beatriz López-Suevos Hernández. Eugenia Osterberger. Compositora do século XIX.

12:40h Fundación Reveriano Soutullo Otero. Incursións e realizacións da muller no mundo da música en Galicia (primeiro terzo do século XX).

13:30h Concerto: O mosteiro de Fexegueiro (Tul).

Coordina: José Manuel Solleiro Rodríguez

16:30h Carmen Losada Gallego. Evolución do paradigma da muller pianista en Vigo (1857-1936).

17:20h Mª Rosa Arija Soutullo. As mulleres no campo da composición na chamada Era de Prata.

18:10h Isabel Blanco Franco. As mulleres e a música: as voces silenciadas.

19:00h As pandeiradeiras da terra do Suido (O Covo). Traballo de campo e concerto.

20:00h Peche da xornada e recoñecementos.

DOMINGO 20 NOVEMBRO

A recuperación da obra de Soutullo

Coordina: Xavier Jurado Luque

10:30h Xavier Garrote Cabelo. O arquivo musical da Banda Garrote-Ortigueira: Actuación na conservación do arquivo.

11:10h Alejo Amoedo Portela. A obra de Reveriano Soutullo no arquivo musical da Banda Garrote-Ortigueira.

11:50h Carlos Diéguez Beltrán. O proxecto da Banda Sinfónica Infantil de Galicia e a Fundación Reveriano Soutullo Otero.

12:30h Mª Rosa Arija Soutullo. Novas camiños de investigación no arquivo Garrote-Ortigueira para o traballo de recuperación da obra de Soutullo.

13:00h Xavier Jurado Luque. O proceso da edición de Amores de Aldea.

13:45h Audición das obras de Soutullo editadas pola Asociación Nacional de Directores de Banda: Cidra e Balneario. Entrega das partituras.

Coordina: José Manuel Solleiro Rodríguez

16:30h Fundación Reveriano Soutullo. A recuperación do patrimonio de Soutullo. A prensa.

17:00h Roberto Conde Bouza. O plano Montano do mestre Soutullo.

17:40h Pablo Abreu Fernández. A presenza da editorial Soutullo-Villanueva nos arquivos da Banda Municipal de Vigo.

18:20h José Manuel Solleiro. Estado das obras de Soutullo localizadas nos arquivos da Banda Municipal de Vigo.

19:00h Presentación das bases do primeiro concurso de piano Reveriano Soutullo.

19:30h Alejo Amoedo Portela. Interpretación das obras obrigatorias do primeiro concurso de piano.



"Trátase de dar un paso á visibilidade da muller na historia da música e somos conscientes que falta moito por facer e estase ao principio do camiño", indica María Rosa Arija Soutullo, presidenta da Fundación. "Imos falar de tres obras de compositoras galegas: Fantina Soutullo, Cándida Valiño e María Luísa Sanjurjo de Oza", engade. Pola palestra pasarán a investigadora Lorena López Covas, que falará da proxección da muller dentro da música en el século XIX en Galicia e a súa invisibilidade social; Rosario Martínez e Beatriz López-Suevos, que disertarán sobre Eugenia Osterberger, compositora galega do século XIX; Carmen Losada, cunha exposición a mu-

ller pianista en Vigo; ou Isabel Blanco, que falará das limitacións que as leis tiveron no papel que a muller xogou dentro do mundo da música.

A segunda xornada céntrase na recuperación da obra de Soutullo, un dos obxectivos prioritarios da Fundación Soutullo, e no que aínda falta moito por facer. Acompañan os traballos de divulgación, edición e recuperación do patrimonio, que abordan desde diferentes ángulos.

As xornadas rematarán coa presentación das bases do primeiro certame de piano Reveriano Soutullo, que se celebrará na primavera de 2017, na que Alejo Amoedo interpretará as dúas obras obrigadas desta primeira edición.



ALFESO

Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B - 36860 PONTEAREAS - T. 986 66 00 00 - F. 986 66 01 03